



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de XANEIRO de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezanove de xaneiro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Pardo Espiñeira incorpórase no punto 9.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(16).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 04 de xaneiro e ordinarias do 5 e 12 de xaneiro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(17).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE CONMUTADORES PARA A REDE DE DATOS MUNICIPAL. EXPTE. 10202/113.

Visto o informe xurídico do 04/01/2023 e o informe de fiscalización do 09/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 03/01/2023, asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática, o xefe do Servizo de Administración Electrónica e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 02/10/2023 o Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciaron o expediente coa finalidade da contratación do subministro de conmutadores para a rede de datos municipal.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 02/10/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/11/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria económica do contrato de data 22/11/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 18/12/2022 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 19/12/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 03/01/2024.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polo Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2023 de estrutura das áreas, que se completa coa Resolución da Alcaldía do 20 de xuño do 2023 de delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 de delegación de competencias. A concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal mediante resolución de data 02/10/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP, tramítase como un contrato de subministros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que

legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de conmutadores para a rede de datos municipal, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 02/10/2023 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 21/11/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Memoria económica do contrato de data 22/11/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) e Anexo 1 de data 18/12/2022 asinado polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo Técnico Responsable de Seguridade Informática e polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 19/12/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos da mesma data.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do subministro polo procedemento aberto, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 03/01/2024.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **490.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **85.041,32 €**, dende o 1 de abril de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2024	MEDIOS INFORMÁTICOS E SWITCHES	9207.6260000/ 23920700 (Adquisición de medios informáticos)	202.479,34 €	42.520,66 €	245.000,00 €
2025	MEDIOS INFORMÁTICOS E SWITCHES	9207.6260000/ 23920700 (Adquisición de medios informáticos)	202.479,34 €	42.520,66 €	245.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(18).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO (LOTES 2 E 3). EXPTE. 19222/101.

Visto o informe xurídico do 09/01/2024 e o informe de fiscalización do 10/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/2023, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

2.- Adxudicar a ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) os lotes 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 2 Ramos/centros conmemorativos ou funerarios

- a) O prezo total do lote 2 é de 2.371,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 215,60 euros, cun prezo unitario unitario de 79,20 euros (IVE incluído).*
- b) Propón un incremento das horas de atención fóra do horario comercial entre as 13,30 e as 16,30 e entre as 20,00 e as 22,00 horas de 5 horas.*
- c) Propón un incremento das horas de atención en festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas de 4 horas.*

- *LOTE 3 Coroas conmemorativas ou funerarias*

- a) *O prezo total do lote 3 é de 1.054,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 95,82 euros, cun prezo unitario unitario de 181,50 euros (IVE incluído).*
- b) *Propón un incremento das horas de atención fóra do horario comercial entre as 13,30 e as 16,30 e entre as 20,00 e as 22,00 horas de 5 horas.*
- c) *Propón un incremento das horas de atención en festivos entre as 10,00 e as 14,00 horas de 4 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas

Segundo.- Os contratos para os lotes 2 e 3 formalizáronse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o 30 de xaneiro do 2023, na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio da primeira prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato 19222-101 o día 31 de xaneiro de 2023.

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Terceiro.- Con data 4 de decembro notifícase a ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o 30 de xaneiro de 2024, e solicítaselle conformidade para a PRIMEIRA PRÓRROGA dos **LOTES 2 e 3** do “Contrato por procedemento aberto do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias” polo período comprendido entre os días 31 de xaneiro de 2024 e o 30 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- Con data 13 de decembro a empresa ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) acepta e da conformidade á prórroga dos LOTES 2 e 3 do expediente 19222-101 a través do documento 230407243 anexado no trámite 204 do antedito expediente, e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Quinto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

- Con data 4 de decembro notifícase a ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) a finalización do prazo inicial do contrato previsto para o 30 de xaneiro de 2024, e solicítaselle conformidade para a PRIMEIRA PRÓRROGA dos **LOTES 2 e 3** do “Contrato por procedemento aberto do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias” polo período comprendido entre os días 31 de xaneiro de 2024 e o 30 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

- Con data 13 de decembro a empresa ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080) acepta e da conformidade á prórroga dos LOTES 2 e 3 do expediente 19222-101 a través do documento 230407243 anexado no trámite 204 do antedito expediente e presentado a través do Rexistro Electrónico Municipal.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prórroga dun ano de duración dos **LOTES 2 e 3** do “Contrato por procedemento aberto do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias”, polo período comprendido entre os días 31 de xaneiro de 2024 e o 30 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos, toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá entre os días 31 de xaneiro de 2024 e o 30 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe do prezo da primeira prórroga para os **LOTES 2 e 3** do contrato son:

- LOTE 1: por un importe total de 2.371,64 € (ive incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 215,60 euros; e as cantidades por anualidades:
 - Ano 2024: 2.134,04 € (ive incluído).
 - Ano 2025: 237,60 € (ive incluído)
- LOTE 2: por un importe total de 1.054,06 € (ive incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 95,82 euros; e as cantidades por anualidades:
 - Ano 2024: 872,56 € (ive incluído)
 - Ano 2025: 181,50 € (ive incluído)

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración para os **LOTES 2 e 3** do “Contrato por procedemento aberto do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias” expediente 19222-101, adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2023, a favor da mercantil ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080), sendo o período da primeira prórroga o comprendido entre os días 31 de xaneiro de 2024 e o 30 de xaneiro de 2025, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a sua bolsa de vinculación para os exercicios 2024 e 2025 os seguintes importes a favor de ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080):

- LOTE 2: por un importe total de 2.371,64 € (ive incluído).
- LOTE 3: por un importe total de 1.054,06 € (ive incluído).

a) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano **2024**, para cada LOTE é o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2024
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080)	1.763,67	370,37	2.134,04 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080)	721,12	151,44	872,56 €

b) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080)	196,36	41,24	237,60 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	ÁNGEL COVELO, S.L. (B-36.816.080)	150,00	31,50	181,50

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa adxudicataria dos indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(19).-PRÓRROGA DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE ESPECIES VEXETAIS. EXPTE. 50781/446.

Visto o informe xurídico do 03/10/2024 e o informe de fiscalización do 10/01/2023, dáse conta do informe-proposta do 07/12/2023, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 19 de novembro de 2020, acordou adxudicar a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (**.*23.31*) o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13862/446).

II.- Segundo a cláusula 4ª do contrato, o prazo do contrato será de 3 anos e 4 meses. A execución do contrato iniciouse en data 16 de decembro de 2020, polo que o prazo remata en data 15 de abril de 2024.

III.- En data 24 de novembro de 2023, comunicouse a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, mediante a notificación con número de rexistro de saída 131529-2023-1, a intención de esta Administración de iniciar a tramitación da prórroga do contrato, outorgándolle un trámite de audiencia por un prazo de dez días para que formulase as alegacións que estimase procedentes.

IV.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 28 de novembro de 2023, D. JESUS GUTIÉRREZ SIERRA, presentou un escrito (doc. 230382681) no que manifesta a súa aceptación da prórroga de un ano para o subministro de especies vexetais.

V.- Con data 4 de decembro de 2023, o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a proposta da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, resolveu iniciar a tramitación do expediente de **PRÓRROGA DO CONTRATO MAIOR DE SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS (expte. 50781/446)**.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), dispón no seu apartado 2º que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da presente Lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexe o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

O artigo 29 da citada norma, no seu apartado 4 sinala que os contratos de subministros e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas que en aplicación do apartado segundo deste artigo acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

Na cláusula 4 do contrato dispónse que o prazo do contrato será de tres anos e catro meses, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, é dicir a partir do 16 de decembro de 2020, contemplándose unha prórroga de un ano, polo que o prazo remata o 15 de abril de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Así mesmo, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7 establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das Follas Características do Contrato (FEC), sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo e que o contratista non se opoña á mesma.

Finalmente, o apartado 4.C das FEC prevé unha prórroga de un ano de duración.

Na actualidade, o subministro de elementos vexetais desenvólvese conforme ao disposto nos puntos 3, 4 e 5 do prego de prescricións técnicas particulares, en canto ás condicións específicas e xerais do subministro.

Asemade, as características do contrato permanecerán inalterables durante o período de duración da prórroga:

- Mantense a baixa proporcional única do 10,50% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 2 do Prego de prescricións técnicas que rexe o contrato (PPT).
- Mantense a redución no prazo de entrega dos materiais a subministrar sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPT (10 días) de 7 días.
- Mantense os seguintes incrementos dos prazos mínimos de garantía sinalados no apartado 11 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo I Arborado (4 meses) en 60 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo II Arbustivas (3 meses) en 30 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo III Planas varias (2 meses) en 20 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo IV Planta de tempada (1 mes) en 10 días.

Como xa se expuxo anteriormente, o prazo de execución do contrato remata o 15 de abril de 2023, polo que, debido á necesidade de garantir o subministro de especies vexetais faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de *SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS*.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, a cal no seu artigo 3 dispón que:

“En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”*

Ante o exposto, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), nas cláusulas 4ª e 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas

e no apartado 4.C das FEC do contrato, e atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe da adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e do xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL), como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a **PRÓRROGA** de UN ANO, para o período comprendido entre o 16 de abril de 2024 ao 15 de abril de 2025, do contrato para o **SUBMINISTRO DE ESPECIES VEXETAIS**, dependente da concellería da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, do que é actualmente adxudicataria D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (**.*23.31*) por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria de data 19 de novembro de 2020 (expte. 13862/446).

O importe da prórroga será de **80.000,00 euros**, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputará á partida 1710.2100004 “ADQUISICIÓN DE ARBORADOS E ARBUSTOS”, distribuído en dúas anualidades:

- **56.666,69 euros** corresponden ao orzamento do ano 2024, no período comprendido do 16 de abril de 2024 ao 31 de decembro de 2024.
- **23.333,31 euros** corresponden ao orzamento do ano 2025, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 ao 15 de abril de 2025.

Manténdose no período de prórroga a mellora ofertada no contrato consistente en:

- Baixa proporcional única do 10,50% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 2 do Prego de prescricións técnicas que rexe o contrato (PPT).
- Redución no prazo de entrega dos materiais a subministrar sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPT (10 días) de 7 días.
- Incrementos dos prazos mínimos de garantía sinalados no apartado 11 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo I Arborado (4 meses) en 60 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo II Arbustivas (3 meses) en 30 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo III Planas varias (2 meses) en 20 días.
 - Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo IV Planta de tempada (1 mes) en 10 días.

SEGUNDO.- Para dar efectividade á prórroga, mantense a garantía definitiva constituída por D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, na Tesourería do Concello, por importe de 12.277,28 euros, segundo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

mandamento de ingreso número 202000067821, de data 16 de novembro de 2020, nos mesmos termos do contrato adxudicado en data 19 de novembro de 2020 (expte. 13862/446).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao contratista, nos termos establecidos no art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso de reposición ante o órgano que o adopta no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Porén, interposto o recurso de reposición, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 03/03/2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(20).-BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DE PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DOS ANOS 2020, 2021 E 2022:1ª FASE DA CONVOCATORIA. EXPTE. 40095/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 23/12/2020, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 30/12/2020 (publicada rectificación no mesmo boletín oficial en data 12/03/2021). A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria do día 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o devandito ano, que foi publicada no BOPPO de data 29/12/2021.

II.- En data de sinatura electrónica 26/06/2022 (trámite 16 do expediente) pola Concellería competente en materia de persoal procédese á incoación de expediente nº 40.095/220, tendente á convocatoria das prazas contempladas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021.

III.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de 29/12/2022 (data de publicación oficial no BOPPO do 30/12/2022) foi aprobada a oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2022.

IV.- Consta a realización de audiencia á representación sindical do persoal para a realización de alegacións, aportacións ou propostas de mellora das bases existentes (correspondentes á convocatoria inmediatamente anterior realizada, relativa ás ofertas de emprego público 2017, 2018 e 2019) susceptibles de ser consideradas dende a óptica técnica, documentada no trámite 21 de expediente. A achega das suxestións realizada pola representación sindical do persoal municipal consta igualmente incorporada ao expediente.

V.- En data 22/06/2022 polo órgano competente dispónse o seguinte:

“Ordénase que pola Área de Recursos Humanos e Formación iníciase expediente administrativo para a elaboración das bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas na OEP correspondente aos anos 2020 e 2021.”

A Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria de data 29/12/2022 aprobou a Oferta de emprego público correspondente ao ano 2022 (BOPPO nº 249 de 30/12/2022)

Constando que o expediente de elaboración das bases referido anteriormente está en tramitación, cuestións de eficacia e eficiencia e coa finalidade de optimizar ao máximo os recursos e tempo necesario para o desenvolvemento dos procesos selectivos, ordeáse convocar conxuntamente coa OEP 2021 e 2021, as prazas incluídas na OEP 2022;

Por outra banda, e constando no presente expediente a necesidade urxente de incorporación de efectivos de novo ingreso no servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), pola presente e ao abeiro das competencias que ostento por delegación competencial, dispoño:

*“Ordear a elaboración das bases xerais e específicas reguladoras das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas vacantes incluídas na OEP correspondente aos anos 2020, 2021, 2022 pendentes de execución nos servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), ámbitos que serán prioritarios e cuxa execución se realizará nunha primeira fase da convocatoria, nos termos do previsto na normativa vixente que resulte de procedente aplicación.
Do cal se da traslado aos efectos oportunos”.*

IV.- Constan documentadas ao longo do expediente administrativo as incidencias de tramitación do presente expediente, ao longo da cal foron requeridas as aportacións e subsanacións que se conteñen no mesmo á xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (en adiante, SPEIS) ao ter sido detectada a falta de axuste normativo das diversas propostas de bases remitidas; tendo sido recibido o último



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

documento de cumprimentación da subsanación en data 21/12/2023, asinado pola xefatura do servizo indicado e pola xefatura da Área funcional de dependencia. Documento respecto do cal se afondará na fundamentación xurídica do presente informe-proposta.

V.- Coñecida en data 19/12/2023 a situación de incapacidade laboral temporal do persoal técnico encargado da xestión do expediente en data 19/12/2023, por parte da xefatura suscribinte procédese, con carácter excepcional, á emisión de informe-proposta no presente expediente, coa estricte finalidade de garantir o cumprimento de obrigas normativas respecto do regular exercicio polo Concello de Vigo das competencias municipais en materia de seguridade contempladas no artigo 25, apartado 2, letra f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local -no relativo ás competencias dos concellos en materia de prevención e extinción de incendios- e no artigo 26, apartado 1, letra c) da mesma norma, respecto da obrigada prestación do servizo de prevención e extinción de incendios como servizo esencial de inexcusable prestación nos concellos con poboación superior a 20.000 habitantes; así como para garantir o cumprimento pola Administración Municipal das previsións da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Sen prexuízo delo, déixase constancia da necesidade inaprazable de asignación de persoal técnico en número e cualificación profesional e técnica suficientes para o regular desenvolvemento da función técnica de xestión, estudo e proposta nos expedientes encadrada dentro da Escala de Administración Xeral - *“los funcionarios que realicen tareas de gestión, estudio y propuesta de carácter administrativo de nivel superior”* contempladas no artigo 169.1, letra a) do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)-; o cal permitirá a xestión áxil e eficiente dos procesos de selección de persoal e da tramitación, estudo e informe dos expedientes tendentes á ou derivados das ofertas de emprego público; deixando constancia de que a tarefa de estudo e emisión de informes e elaboración de propostas en asuntos ordinarios e nos expedientes administrativos conforma función técnica, e non función de dirección das que conforman o contido funcional dos postos de traballo de xefatura de área (vid. Guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local)

VI.- A salvo de erro ou omisión, consta que as ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos exercicios 2020, 2021 e 2022 contemplan as prazas seguintes:

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Número total de prazas	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/a Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	2	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	3	1
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CARREIRA	23	23	0
Conductor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	7	0
TOTAL PRAZAS A CONVOCAR CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*		38	35	3

VII.- En data 28/12/2023 solicítase do Servizo de Igualdade a emisión de informe de impacto de xénero, recibido o 11/01/2024; en atención ao contido do mesmo, no presente informe-proposta se procede á incorporación dos aspectos salientados polo Servizo de Igualdade, depurando a linguaxe inclusiva e engadindo os temas relativos á igualdade de xénero, así como unha base adicional ás bases xerais, que recolla os dereitos das persoas aspirantes que se atopen en situación xestante, de parto inminente ou recente, en cumprimento das previsións do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación en sesión de 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021).

Complementariamente, se incorpora a actualización de aspectos de procedemento administrativo, eliminando as referencias ao taboleiro de edictos (sustituídas hoxe pola web municipal www.vigo.org) e precisando con maior claridade aspectos relativos á presentación de documentación polas persoas aspirantes, en mellora da eficiencia e seguridade xurídica dos procesos selectivos, así como a depuración de erros simples de transcripción.

Por tanto, déixase constancia de que o presente documento é o que se somete á preceptiva fiscalización previa, sendo o documento incorporado como trámite 121 ao expediente nº 40.095/220 un mero borrador de traballo, previo á emisión do informe de impacto de xénero solicitado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- SOBRE AS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E A SÚA EXECUCIÓN: MARCO LEGAL E PREVISIÓNS ESPECÍFICAS AO RESPECTO.

As Administracións Públicas están suxeitas no seu funcionamento aos principios constitucionais de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito (artigo 103.1 CE 1978), rexendo os principios de interdicción da arbitrariedade (artigo 9.3) e legalidade, debendo en consecuencia a Administración Pública garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e demais normativa sectorial de concordante aplicación.

As peculiaridades da función pública local contémpnanse, con carácter xeral, na lexislación básica sobre réxime local; así, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, preceptúa nos seus artigo 100 que:

“1. Es competencia de cada Corporación local la selección de los funcionarios con la excepción de los funcionarios con habilitación de carácter nacional.

2. Corresponde, no obstante, a la Administración del Estado, establecer reglamentariamente:

a) Las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección y formación de tales funcionarios.

b) Los títulos académicos requeridos para tomar parte en las pruebas selectivas, así como los Diplomas expedidos por el Instituto de Estudios de Administración Local o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

por los Institutos o Escuelas de funcionarios establecidos por las Comunidades Autónomas, complementarios de los títulos académicos, que puedan exigirse para participar en las mismas.”

En igual senso, o artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

A vocación unificadora do lexislador en materia de función pública ten sido manifestada pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, **en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”***

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirma que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que **la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

As ofertas de emprego público constituén elementos esenciais da ordenación de recursos humanos no sector público, dentro da actividade de planificación de recursos humanos, cuxo obxectivo fundamental é o de contribuir á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a di-

menção adecuada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, regula as ofertas de emprego público no seu artigo 70, establecendo que:

*“1. Las necesidades de recursos humanos, con asignación presupuestaria, que deban proveerse mediante la incorporación de personal de nuevo ingreso serán objeto de la Oferta de empleo público, o a través de otro instrumento similar de gestión de la provisión de las necesidades de personal, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por cien adicional, fijando el plazo máximo para la convocatoria de los mismos. **En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público o instrumento similar deberá desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años.**”*

2. La Oferta de empleo público o instrumento similar, que se aprobará anualmente por los órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondiente.

3. La Oferta de empleo público o instrumento similar podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

O Informe da Comisión de Expertos constituída para a elaboración do borrador técnico de Estatuto Básico do Empregado Público, designado por Orde APU 3018/2004, do 16 de decembro, xa sinalaba, con respecto ás ofertas de emprego público, a necesidade de establecemento dun prazo para a súa execución, aos efectos de evitar irregularidades¹, lembrando a obriga de convocar as prazas ofertadas no prazo máximo que se establecese ao efecto, e aconsellando que se contemplase éste no desenvolvemento normativo do EBEP. O certo é que a redacción final da norma contempla un prazo de 3 anos para a súa execución, sen dúbida coa finalidade de garantir a efectiva materialización do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade que toda persoa que reúna os requisitos ao efecto ten, sen que ese dereito poda ser susceptible de non materializarse por dilación ou ineficiencia imputables á Administración.

Os procesos de desenvolvemento normativo do EBEP prolongáronse durante anos dende a súa entrada en vigor (12/05/2007) e non foi ata o ano 2015 -tras efectuar certas adaptacións de relevancia a través do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, do texto refundido da Lei de Función pública de Galicia- cando o lexislador da nosa Comunidade Autónoma de Galicia procedeu á aprobación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego público de Galicia, en exercicio das competencias que ten atribuídas na materia.

A dita norma contempla no seu artigo 48, con carácter xeral, en desenvolvemento do previsto no artigo 70 do TREBEP, e polo que atinxe ás ofertas de emprego público, que:

“1. Las necesidades de recursos humanos con asignación presupuestaria que no puedan ser cubiertas con los efectivos de personal existentes, incluidas las vacantes desempeñadas

1 Vid. Páxina 74 do Informe da Comisión.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

por personal funcionario interino o laboral temporal, serán objeto de oferta de empleo público, lo que comportará la obligación de convocar los correspondientes procesos selectivos para las plazas comprometidas y hasta un diez por ciento adicional, salvo que se decida su amortización, estén incursas en un procedimiento de provisión de puestos de trabajo por concurso o, en el caso del personal docente, la planificación educativa lo impida.

2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley.

La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo.

Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento.

3. Las ofertas de empleo público pueden prever que las plazas reservadas para personas con discapacidad se convoquen conjuntamente con las plazas ordinarias o mediante convocatorias independientes, garantizándose, en todo caso, el carácter individual de los procesos selectivos. Las pruebas de los procesos objeto de convocatoria independiente tendrán el mismo contenido que las que se realicen en las convocatorias ordinarias y las personas que participen en ellas deberán acreditar el grado de discapacidad indicado. Las plazas incluidas en estas convocatorias se computarán en el porcentaje reservado en la oferta de empleo público para su cobertura entre personas con discapacidad.

4. Una vez aprobada y publicada la oferta de empleo público, los respectivos procesos selectivos se convocarán en el plazo máximo fijado en la misma. En todo caso, la ejecución de la oferta de empleo público debe desarrollarse dentro del plazo improrrogable de tres años, a contar a partir del día siguiente al de la publicación de aquella en el correspondiente diario oficial.

5. La oferta de empleo público podrá contener medidas derivadas de la planificación de recursos humanos.”

Dentro do Título X, denominado “Especialidades do persoal ao servizo das entidades locais” a norma autonómica contempla que:

“1. Las entidades locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal, así como a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de aquella para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las administraciones públicas.

2. No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hubieran incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes producidas con posterioridad a su aprobación.”

No ámbito do sector público local, tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como o Real Decreto legislativo 781/1985, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, non contemplan especialidade algunha no concreto aspecto indicado, sen prexuízo do cal debe lembrarse a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do RD legislativo 2/2015, do 30 de outubro, así como da lexislación de función pública no ámbito autonómico correspondente (artigo 7 Lei autonómica 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia).

Por tanto, o marco legal vixente establece unha dobre obriga: a de execución das ofertas de emprego público dentro dun límite temporal de 3 anos, contados dende a data de publicación no diario oficial correspondente¹, e a de convocatoria dos procesos selectivos dentro do prazo establecido ao efecto.

No relativo ás bases, non pode obviarse a aplicación directa do previsto no Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, en cuxo artigo 6 se establece expresamente que:

“1. Las bases de las pruebas selectivas, así como las correspondientes convocatorias, se publicarán en el «Boletín Oficial» de la provincia, en el «Boletín Oficial» de la Comunidad Autónoma, y en su caso, en otros diarios oficiales o en el período oficial de la Corporación interesada.

2. El anuncio de las convocatorias se publicará en el «Boletín Oficial del Estado» y deberá contener:

Denominación de la Escala, subescala y clase para cuyo ingreso se convocan las pruebas selectivas, Corporación que las convoca, clase y número de plazas, con indicación de las que se reserven, en su caso, a promoción interna, así como las que se reserven para personas con minusvalías, fecha y número del Boletín o diarios oficiales en que se han publicado las bases y la convocatoria.”

II.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.

1 A diferenza do preceptuado no EBEP, que unicamente contempla un límite temporal de 3 anos, sen indicar unha referencia concreta para o cómputo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (artigos 213 a 223) dado que, aínda que a presente proposta de aprobación de bases e convocatoria carece de contido económico, resulta susceptible de xenerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo, polo cal o presente expediente electrónico deberá ser sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal.

III.- AUSENCIA DE PRECEPTIVIDADE DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA.

De conformidade co artigo 37.2, apartado c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) están expresamente excluídas das materias obxecto de negociación colectiva “la regulación y determinación concreta, en cada caso, de los sistemas, criterios, órganos y procedimientos de acceso al empleo público y la promoción profesional.”

Sen prexuízo do anterior, debe indicarse que a interlocución desenvolta polo persoal técnico coa representación sindical do persoal municipal a través da Presidencia do Comité -designada pola representación sindical no concreto momento- permitiu a cooperación activa dos mesmos mediante a aportación de suxerencias ou propostas de mellora das bases que se elaboran pola Área de Recursos Humanos e Formación, como se desprende da tramitación realizada polo persoal técnico e administrativo no expediente.

IV.- PRAZAS INCLUIDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (2020, 2021 e 2022): PRIMEIRA FASE E OBSERVACIÓNS SOBRE A PROPOSTA DE NOVOS TEMARIOS E PROBAS

De conformidade coa instrución de servizo de data de sinatura electrónica 20/04/2023, serán de prioritaria execución as prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020, 2021 e 2022 pertencentes ao servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS). Polo que, nunha primeira consideración, correspondería a elaboración das bases específicas correspondentes ás prazas que poderían ser susceptibles de integrar a 1ª fase das tres ofertas a executar, as mesmas son as que se relacionan a continuación:

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Número total de prazas	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	2	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	4	3	1
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CARREIRA	23	23	0
Conductor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO DE CARREIRA	7	7	0
TOTAL PRAZAS A CONVOCAR CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*		38	35	3

*A información correspondente a cada oferta de emprego público e a descarga das publicacións oficiais correspondentes atópase accesible no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, no enlace seguinte:

https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/oep.jsp?lang=gal&id_tipo=1&org=2

Respecto do documento recibido na Área de Recursos Humanos e Formación en data 21/12/2023, contendo nova proposta de temarios e de probas selectivas efectuada pola xefatura do SPEIS e pola xefatura da Área de Seguridade, asinados en documento nº 230367197 incorporado ao presente expediente, debe sinalarse o seguinte:

- En primeiro lugar, e en atención ao principio de especialidade técnica que caracteriza o desempeño profesional propio e inherente aos funcionarios pertencentes á Escala de Administración Especial consonte ao disposto nos artigos 171 e 172 do xa citado Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, maniféstase o total descoñecemento da funcionaria suscribinte respecto das singularidades propias e específicas da concreta actividade profesional da prevención e extinción de incendios e do salvamento, de control de lumes, do rescate e intervención e sinistros e catástrofes, do manexo de produtos e/ou sustancias químicas ou inflamables, ou da xestión e operativa do rescate e actuacións de garantía de persoas e bens. Así, non pode pronunciarse sobre si os temarios específicos e as probas físicas propostas pola xefatura son adecuadas ou non para a selección de efectivos ao incorporar ao servizo responsable dos Bombeiros ao servizo do Concello de Vigo, debendo indicar que os mesmos non mostran, a xuízo da asinante, orde nin estrutura que permita a integración directa do documento de bases.

Sen prexuízo delo, e dada a urxencia en dispoñer de efectivos adicionais que contribúan a paliar os elevados índices de absentismo por contingencias comúns detectados no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Vigo¹, sinalase que non existe marxe temporal para poder solicitar colaboración a outras Administracións e/ou institucións públicas nunha materia completamente allea a funcionarios que non cumplan o principio de especialización técnica, ou para recabar un documento expresivo do criterio completo, ordenado e motivado da xefatura do Servizo de destino dos efectivos e especialista técnico na materia.

-O que sí é certo, e sobre o que sí pode pronunciarse a funcionaria suscribinte, é o feito de que en dilixencia de data 24/11/2023 a Área de Recursos Humanos e Formación requeriu por sucesiva vez á xefatura do SPEIS para a subsanación da proposta de bases enviadas, indicando que:

“En data 09/05/2023 enviouse á xefatura do SEIS informe en relación á proposta das bases enviadas pola xefatura de bombeiros de data 27/04/2023, que concluía que:

*“Por todo elo, ante os erros e incoherencias detectadas, que imposibilitan ou cando menos dificultan que a partir da proposta enviada pola xefatura do SEIS, por parte da Área de RRHH e Formación se elaboren unhas bases cun mínimo de seguridade xurídica, sin erros, contradicións e incoherencias, **infórmase** que para a elaboración das bases específicas das prazas incluídas nas OEP 2020, 2021 e 2022 no Servizo de Extinción de Incendios,*

1 Información obrante no “Estudio de la organización, puestos de trabajo, régimen retributivo, eficiencia de la prestación y condiciones de seguridad y salud en el servicio de prevención y extinción de incendios y salvamento (SPEIS) del Concello de Vigo”, incorporado ao expediente electrónico n.º 41.819/220



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

tomarase de referencia as de outros concellos de similares características ao de concello de Vigo.”

- *En data 12/05/2023 enviábase proposta pola xefatura de bombeiros que mantén fase de concurso de 30 puntos para as categorías de bombeiro e condutor-bombeiro, e 40 puntos na valoración de concurso para as categorías de sarxento e cabo (tanto en quenda libre como en promoción interna), sen indicar motivación suficiente.*
- *Pola área de RRHH e Formación se revisaron as bases xerais e específicas de diversas categorías do SEIS das seguintes AAPP (Málaga, Castrourdiales, Vitoria-Gasteiz , A Coruña, Bilbao, Salamanca, Fuengirola, Valencia, Maspalomas, Madrid, Sevilla), sendo que a título de exemplo:*

- O Consorcio Provincial de Bombeiros de Málaga, con respecto ás prazas de sarxento, son prazas que se inclúen na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal, algunhas por concurso e outras por concurso-oposición (cunha fase de concurso do 40% e referencias nos temas a Málaga e ao consorcio)

- As de Madrid, Castrourdiales, Vitoria-Gasteiz, As Palmas de Gran Canaria, Valencia ... todas as bases correspondentes as categorías de cabo e sarxento son de Promoción Interna. Algunhas ten peculiaridades imposibles de adaptar ao concello de Vigo, como Madrid por exemplo na que hai distintas clases de sarxentos segundo os destinos, e as probas previstas para cada un de eses destinos, varían.

SOLICITUDE DE INFORME:

Ante o complicado de elaborar unas bases nestas circunstancias (carencia de bases de sarxento e cabo pola quenda libre, diferencias de organización e peculiaridades do SEIS das diferentes administracións), no sendo seguro mesturar bases de diferentes administracións públicas para diferentes categorías pola falta de coherencia a que pode dar lugar, remítese novamente solicitude de informe á xefatura de bombeiros coas seguintes indicacións:

1.- *O sistema de oposición prevalece fronte ao concurso-oposición na selección de funcionarios de carreira para o ingreso na Administración Local.*

O Tribunal Supremo en recente sentenza da Sala do Contencioso de 18 de xullo de 2023 lembra que se mantén a vixencia do artigo 2 do RD 896/1991 como norma especial aplicable á selección dos funcionarios de carreira da Administración Local, polo que no ingreso na función pública local, o sistema de oposición é o xeral e o concurso-oposición será o aplicable cando así se xustifique por ser máis axeitado atendendo á natureza das prazas o das funcións a desenvolver.

2.- *O necesario respecto á teoría dos actos propios da Administración foi enfatizada polo Tribunal Supremo, considerando a mesma unha contribución á seguridade xurídica e un dos principios troncais do ordenamento xurídico: «Los principios de seguridad jurídica, buena fe, protección de la confianza legítima y la doctrina de los actos propios informan cualquier ordenamiento jurídico, ya sea estatal o autonómico, y constituye un componente elemental*

de cualquiera de ellos, al que deben someterse en todo momento los poderes públicos» (STS de 15/01/2019, rec. 501/2016)

Non existindo así motivación suficiente para apartarse das bases específicas das categorías de bombeiro e condutor bombeiro das OEP 2017, 2018, e 2019 (1ª fase), nin para incrementar a fase de concurso, prégase que se elabore proposta de bases específicas tendo en conta o manifestado no informe de data 09/05/2023 e no presente documento, no que se manteñan as bases da OEP 2017, 2018, e 2019 (1ª fase) para a categoría de bombeiro e condutor bombeiro, e en coherencia coas mesmas se elabore novas bases para as categorías de cabo e sarxento (quenda libre e promoción interna).

** Infórmase que non se procederá a convocatoria da praza de oficial, que se corresponde co posto de subxefe de extinción de incendios por estar previsto na vixente RPT (BOPPO nº 123 de 16/05/2023) que a forma de provisión de este posto é por libre designación.”*

Dado que dita motivación suficiente, coherente, razoada, estruturada e sistemática non se contempla no documento recibido o 21/12/2023 na Área de Recursos Humanos e Formación, en forma que permita a elaboración dunhas bases xurídicamente seguras nin para o Concello de Vigo como Administración Pública convocante, nin para as persoas interesadas en tomar parte nos procesos de selección de persoal por ela convocados; e sempre ao xuízo da funcionaria suscribinte, procédese a reproducir as bases elaboradas para a execución dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público 2017, 2018, e 2019 (1ª fase) para a categoría de sarxento/o (promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a- bombeiro/a (quenda libre) e en coherencia coas mesmas se sinala a necesidade de requerir que pola xefatura do SPEIS se proceda á elaboración de novas bases específicas para a selección de efectivos nas categorías de cabo e sarxento/o (quenda libre) nun documento completo -e non parcial -que garde orde, sistemática e coherencia coas bases xerais aprobadas no relativo á valoración da fase de concurso, e que incorpore a imprescindible motivación obxectiva respecto da necesidade de determinar novas probas e estrutura do proceso selectivo completo, no cumprimento das funcións inherentes á actividade profesional que polos bombeiros e os seus mandos se desempeña, e cun sistema de puntuación da parte de oposición que garde análoga coherencia co establecido para as restantes categorías, aos efectos de permitir que a función a desenvolver polos órganos de selección sexa clara, coherente, aritméticamente determinada e xurídicamente segura, conforme á normativa vixente e á xurisprudencia emanada dos xulgados e tribunais de xustiza en materia de acceso á función pública.

No relativo ás observacións que o informe de impacto de xénero realiza respecto das probas físicas, e sinalar que no presente documento se reproducen exactamente as mesmas probas selectivas que na última convocatoria executada polo Concello de Vigo para a provisión de prazas vacantes no SPEIS, correspondente ás ofertas de emprego público 2017, 2018 e 2019 (expediente nº 34.733/220), tomando precisamente como referencia os documentos elaborados e informes emitidos polo persoal técnico de Administración Xeral da Área, sen innovación algunha ao respecto.

Debendo lembrar que precisamente na execución das ofertas de emprego 2017, 2018 e 2019 foi as primeira vez da historia do Concello de Vigo -que se teña coñecemento por quen suscribe- na que, sen obter praza, consta a superación do proceso selectivo completo -é dicir, da totalidade dos exercicios- por unha muller.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Consecuentemente, procédese á convocatoria e elaboración de bases específicas únicamente das concretas prazas seguintes, en número de 32:

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CA-RREIRA	-*	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CA-RREIRA	-*	-*
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CA-RREIRA	23	0
Condutor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO DE CA-RREIRA	7	0
TOTAL PRAZAS OBXECTO DE CONVOCATORIA NA 1ª FASE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*	FUNCIONARIO DE CA-RREIRA	30	2

*As prazas de sarxenta/o (quenda libre) e cabo de extinción de incendios (quenda libre e promoción interna) serán obxecto de convocatoria nunha posterior fase.

VI.- PROCEDEMENTO E MOTIVACIÓN DO SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de desenvolvemento dos procesos selectivos rexeráse polo establecido no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público; a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Regulamento xeral de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección do persoal funcionario de Administración Local e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; xunto con aquela normativa que resulte de concordante e procedente aplicación.

Respecto da motivación do sistema de selección, sinálase que no documento asinado pola xefatura do SPEIS e recibido o 21/12/2023 determina o sistema selectivo do concurso-oposición, aínda que sen indicar o razoamento e xustificación na elección do sistema. Sen prexuízo delo, pola funcionaria suscribinte indícase o seguinte:

-As prazas obxecto de convocatoria encádranse na Escala de Administración Especial, regulada nos artigos 170 a 172 do Real Decreto legislativo 786/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) e que segue a constituir actualmente a única norma estruturadora da función pública local.

A articulación da mesma en corpos, escalas e clases determina a existencia dunha diferenciación entre a Escala de Administración Xeral -destinada a cometidos administrativos, de xestión administrativa ou de xestión técnica superior- e a Escala de Administración Especial

-adicada a cometidos singulares ou especiais, como é o caso do persoal funcionario ao servizo da prevención e da extinción de incendios e do salvamento de persoas e bens.

Así, o artigo 170, apartado 1 da norma invocada establece que *“tendrán la consideración de funcionarios de Administración Especial los que tengan atribuido el desempeño de las funciones que constituyen el objeto peculiar de una carrera, profesión, arte u oficio”*, contemplando o artigo 172 o seguinte:

“1. Pertencerán a la Subescala de Servicios Especiales los funcionarios que desarrollen tareas que requieran una aptitud específica, y para cuyo ejercicio no se exija, con carácter general, la posesión de títulos académicos o profesionales determinados.

2. Se comprenderán en esta Subescala, y sin perjuicio de las peculiaridades de cada Corporación, las siguientes clases:

- a) Policía Local y sus auxiliares.*
- b) Servicio de Extinción de Incendios.*
- c) Plazas de Cometidos Especiales.*
- d) Personal de Oficios.*

3. El ingreso en la Subescala de Servicios Especiales se hará por oposición, concurso o concurso-oposición libre, según acuerde la Corporación respectiva, sin perjuicio de lo que dispongan las normas específicas de aplicación a los funcionarios de Policía Local y del Servicio de Extinción de Incendios”.

A determinación, no presente suposto, do concurso-oposición libre concilia os principios de igualdade, capacidade e concorrencia competitiva entre as persoas interesadas en ser aspirantes aos procesos selectivos e o principio de igualdade coa avaliación do mérito, permitindo que dentro dos límites porcentuais normativamente establecidos, se efectúe a avaliación da experiencia e coñecemento.

Tanto a Xurisprudencia do Tribunal Supremo como do Tribunal Constitucional teñen admitido a validez deste concreto sistema selectivo, ao considerar a valoración da experiencia profesional como mérito apropiado para ser valorado en procesos selectivos nas Administracións Públicas, dende a perspectiva da consideración de que a mesma pode manifestar a aptitude ou capacidade para o desempeño dunha determinada función ([STC 107/2003, de 2 de junio](#)) aínda que debe ser pública e non restrinxida ([STC 38/2021, de 18 de febrero](#)); debendo evitar que se realice de forma tan singular e concreta que poda considerarse discriminatoria ou favorecedora dunha persoa ou grupo de persoas ([STC 67/1989, de 18 de abril](#)), ou que se articule como un requisito excluínente ([STC 60/1994, de 28 de febrero](#)).

Tampouco permite que se realicen referencias individualizadas e concretas que lesionen o principio de igualdade ([STC 73/1998, de 31 de marzo](#)) realizando unha dobre valoración de un mesmo mérito.

A determinación do sistema para as prazas ofertadas permite igualmente a avaliación da experiencia profesional no desenvolvemento de funcións de alta especialización, aínda que para o seu exercicio non se esixe unha singular cualificación académica, permitindo valorar o coñecemento e o desenvolvemento efectivo desta clase de traballos en outras Administracións e/ou institucións públicas que dispoñen de colectivos de Bombeiros, sendo a máis relevante delas, por notoria, a Unidade Militar de Emerxencias (UME) do Exército de Terra, á cal se suman as diferentes entidades locais de España, os consorcios provinciais de extin-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

ción de incendios, os bombeiros portuarios e aeroportuarios; os bombeiros forais e autonómicos, e os corpos de rescate e salvamento dos diferentes exércitos.

En consecuencia, estímase que o recurso ao sistema selectivo do concurso-oposición libre contido no presente documento -e reprodución das bases rectoras das ofertas de emprego público 2017-2018-2019, 1ª fase da convocatoria- está debidamente motivado por razóns de eficiencia e especialización no servizo aos intereses xerais, permitido a concorrencia da totalidade de persoas interesadas en acceder á función pública do Concello de Vigo.

VII.- COMPETENCIA

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Á vista do exposto, en estricto cumprimento do sinalado no antecedente V do presente informe, e coa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes ao anos 2020, 2021 e 2022 (1ª fase) integrada polas prazas seguintes: sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre) nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede e do informe preceptivo de fiscalización previa, de conformidade coas bases das convocatorias respectivas, conformando un total de 32 prazas a convocar.

SEGUNDO.- Aprobar as bases xerais dos procesos selectivos destinados á execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022, nos termos do informe xurídico-proposta de acordo que antecede, do informe de impacto de xénero emitido e do informe preceptivo de fiscalización previa emitidos, e contidas no **ANEXO I** do presente acordo -apartados A) e B)- do cal forman parte inseparable.

TERCEIRO.- Aprobar as bases específicas correspondentes as prazas e postos que configurarán a 1ª fase de execución das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022 nas categorías de sarxenta/o extinción de incendios (quenda de promoción interna); cabo extinción de incendios (quenda de promoción interna); bombeira/o (quenda libre) e condutor/a-bombeiro/a (quenda libre).

CUARTO.- Instar á xefatura do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento para que se proceda á realización das actuacións contempladas no fundamento xurídico IV do informe-proposta que antecede.

QUINTO.- Determinar, en execución das previsións do I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a obriga dos tribunais e órganos de selección de persoal do Concello de Vigo de velar polo cumprimento do dereito fundamental á igualdade, consonte ao preceptuado no artigo 14 da Constitución Española de 1978 e restante normativa de procedente aplicación.

SEXTO.- Ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

BASES XERAIS

A) Persoal funcionario:

Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a provisión en propiedade de prazas de persoal funcionario de carreira vacantes no cadro de persoal do Concello de Vigo encadradas nas ofertas de emprego público 2020, 2021 e 2022 (publicacións oficiais no BOPPO núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOPPO núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 13/04/2021), 2021 (publicacións oficiais no BOPPO do núm. 250 data 29/12/2021 e no DOG núm. 250 data 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOPPO núm.76 data 21/04/2022 e DOG núm.120 data 23/06/2022) e 2022 (publicacións oficiais BOPPO núm. 249 30/12/2022 e DOGA núm. 24 03/02/2023) e pertencentes ao servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS), que se contemplan como 1ª fase das tres ofertas a executar, en número de 32 prazas, sendo as mesmas as que se relacionan a continuación, coas indicacións efectuadas:

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	.*	2
Cabo Extinción de Incendios	FUNCIONARIO DE CARREIRA	.*	.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

DENOMINACIÓN PRAZA	Tipo de vínculo Xurídico	Quenda Libre	Quenda de promoción interna
Sarxenta/o Extinción Incendios	FUNCIONARIO DE CARRERA	.*	2
Bombeira/o	FUNCIONARIO DE CARRERA	23	0
Conductor/a-bombeiro/a	FUNCIONARIO DE CARRERA	7	0
TOTAL PRAZAS OBXECTO DE CONVOCATORIA NA 1ª FASE DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO 2020, 2021 E 2022*	FUNCIONARIO DE CARRERA	30	2

*As prazas de sarxenta/o (quenda libre) e cabo de extinción de incendios (quenda libre e promoción interna) serán obxecto de convocatoria nunha posterior fase.

Segunda.- NATUREZA E CARACTERÍSTICAS.

En cada convocatoria específica indícanse as prazas que se reservan para quendas distintas da libre (promoción interna ou cota reservada a persoas con diversidade funcional).

Terceira.- PUBLICIDADE DAS CONVOCATORIAS.

O texto íntegro das bases xerais e específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal www.vigo.org e un anuncio breve no Diario Oficial da Comunidade Autónoma.

O anuncio da convocatoria se publicará no Boletín Oficial do Estado.

Cuarta.- CONDICIÓN XERAIS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidas á realización das probas selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) as persoas aspirantes deberán posuír os requisitos que se relacionan o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o momento da toma de posesión, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para cada unha das prazas convocadas.

Ditos requisitos son os seguintes:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no ámbito de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).

b) Ter cumpridos 16 anos de idade, e non exceder da idade establecida como máxima para o ingreso nun corpo ou escala, así como non exceder no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c)Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas das respectivas convocatorias ou estar en condicións de obtela na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte nas probas selectivas.

d)No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas e expedilas.

e)Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na disposición adicional 19ª da Lei 30/1984, na redacción dada pola Lei 53/2003, do 10 de decembro, e normativa de concordante aplicación.

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas agás que veñan establecidas por lei ou que sexan incompatibles co desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes.

Nas presentes ofertas de emprego resérvase un 7% das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. A opción a estas prazas reservadas haberá de formularse na solicitude de participación nas convocatorias, coa achega de declaración expresa das persoas interesadas de reuniren o grao de discapacidade requirido, acreditado mediante certificado expedido ao efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, de ser o caso, da Comunidade Autónoma. Na propia solicitude a persoa interesada deberá reflectir as necesidades específicas que teña para acceder ao proceso selectivo en igualdade de condicións que o resto dos aspirantes. Igualmente deberá acreditarse mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes, a compatibilidade do grao de discapacidade co posto de traballo ao que se solicita concorrer.

En todo caso, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso á función pública en condicións de igualdade, observarase o disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regulan o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación.

Para resolver, os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, a colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Administración Pública que ostente as competencias na materia.

f)Non estar separado/a do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

g)Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

h)Xustificante de ter ingresado a taxa para participar nos procedementos de selección e promoción de persoal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

O ingreso da taxa esixirase en réxime de autoliquidación, utilizando o impreso normalizado que se poderá obter telemáticamente, a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo -no apartado "Ofertas de Emprego" durante o período de presentación de solicitudes- ou ben de forma presencial na Oficina de Información do Concello de Vigo, situada na planta baixa do edificio consistorial do Concello de Vigo.

Unha vez obtido o impreso de autoliquidación, as persoas interesadas deberán ingresar o importe que corresponda, que se poderá realizar telemáticamente ou en calquera entidade de depósito autorizada.

Para estes efectos, as cantidades establecidas na vixente ordenanza fiscal do Concello de Vigo (ordenanza 10) son as seguintes:

- Prazas integradas no Grupo A, subgrupos A1 e A2: 36,95 euros.
- Prazas integradas no Grupo C, Subgrupos C1 e C2: 20,65 euros.
- Prazas integradas no subgrupo Transitorio E: 20,65 euros.

As referidas contías actualizaranse en aplicación da ordenanza fiscal vixente para cada exercicio económico.

i) Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

Quinta.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Alcalde-presidente do Concello de Vigo, no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel no que apareza o anuncio da convocatoria -utilizando o modelo normalizado dispoñible na web municipal www.vigo.org- nos diarios e/ou boletíns oficiais seguintes:

- No Boletín Oficial do Estado (BOE) para persoal funcionario (quenda libre ou por promoción interna) e persoal laboral (quenda libre).
- No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para persoal laboral (quenda de promoción interna).

Contido obrigatorio da solicitude:

- Datos persoais da persoa solicitante, DNI, enderezo, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico.
- Denominación da praza convocada á cal opta e quenda pola que se presenta (libre, promoción interna ou reserva para aspirantes con diversidade funcional xeral ou intelectual).
- No caso de diversidade funcional, cando sexa necesario a adaptación de tempos, levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con

discapacidade e normativa de concordante aplicación, debendo ser solicitada e concretada expresamente polas persoas aspirantes. A adaptación de medios referida no artigo 8 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, deberá igualmente formularse concretamente na solicitude de participación.

- Declaración xurada de que se reúnen todos os requisitos establecidos na base anterior (Condições xerais das persoas aspirantes), que se inclúe no formulario web normalizado dispoñible na web municipal www.vigo.org.
- Lingua (castelán ou galego) na cal desexa realizar os exercicios correspondentes que se sinalen nas bases específicas. No caso de non elección a persoa aspirante asume que poderá entregarse en calquera das linguas oficiais vixentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- No caso de promoción interna, deberá indicarse a praza dende a que desexa concorrer e os servizos efectivos segundo se indica no modelo normalizado de solicitude. Revisarase de oficio o cumprimento das condicións esixidas na convocatoria. Lémbrese que as persoas que acceden pola quenda de promoción interna teñen a condición de suxeitos obrigados a relacionarse coa administración por medios electrónicos, nos termos das previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e da vixente Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo (BOPPO nº 95, do vernes 8 de outubro do 2021)

Para o caso de presentación telemática da instancia, mediante o formulario na páxina web do concello (<http://www.vigo.org>), a persoa aspirante poderá autorizar expresamente a consulta dos datos do seu DNI, NIE e, deste modo, estará exenta da presentación da copia do mesmo.

Documentación a aportar xunto coa solicitude:

- Copia simple do DNI (ou a declaración expresa de que consinte a súa consulta a outras administracións públicas)
- Copia simple do título CELGA (necesaria para a exención da proba de galego).
- Xustificación do pagamento dos dereitos de exame.
- No caso da promoción interna, deberán:
 - Presentar copia simple do título esixido para o acceso á praza e, en todo caso, xustificante acreditativo do pagamento dos dereitos de exame.
 - Non é necesario achegar a documentación que obre en poder da Administración, podendo ser requiridos para súa emenda ou a existente non estea actualizada.
 - Cando o sistema de selección sexa o de concurso-oposición, as persoas aspirantes deberán presentar, xunto coa solicitude e, en todo caso antes da finalización do prazo de presentación de instancias, a documentación acreditativa dos méritos que aleguen dos establecidos no correspondente baremo, a través de copia simple, xunto cunha vida laboral actualizada expedida pola administración



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

da Seguridade Social, onde consten os períodos alegados como experiencia profesional.

Para a xustificación dos méritos a persoa aspirante que deba achegar documentación procedente doutros organismos oficiais que non lla tivesen facilitado antes da finalización do prazo de presentación de instancias, deberá achegar, no devandito prazo, a correspondente solicitude ou copia autenticada, xunto cunha declaración comprometéndose a presentala nos dous días seguintes a aquel no que lle fose expedida. En todo caso non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso. En calquera momento, poderá requirirse polo órgano de selección, a presentación a través da oficina de asistencia ao rexistro, da documentación orixinal (título e méritos) para os efectos de xerar copia autenticada, pero non pedir nova documentación para acreditar méritos só alegados.

As solicitudes que se presenten na Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para que sexan seladas e datadas pola persoa funcionaria correspondente antes de seren certificadas.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude. Así mesmo, a falta de pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo regulamentario de presentación de solicitudes, non poderá ser obxecto de emenda e determinará a exclusión do/a aspirante.

Así mesmo, tamén se poderán presentar nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e normativa de concordante aplicación.

No caso de promoción interna, a documentación a presentar substituirase por copia simple do título esixido para o acceso á praza e certificado expedido de oficio, no cal se faga constar que a persoa interesada cumpre as condicións para participar esixidas na convocatoria e, en todo caso, documento de pagamento dos dereitos de exame.

Sexta.- ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo de dous meses o órgano municipal competente adoptará acordo en que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos cos motivos da exclusión, así como o lugar e data da realización das probas e a designación dos órganos de selección.

A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na web municipal do Concello de Vigo. Concédese un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para a corrección, por parte de quen fose excluído/a, dos defectos a que alude o art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou a súa non inclusión expresa, así como para promover a recusación das persoas integrantes dos órganos de selección. A publicación da dita resolución no Boletín Oficial da Provincia será

determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na invocada lei.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houberse. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación, sen necesidade de novo anuncio nos diarios oficiais, nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

O feito de figurar como persoa incluída na relación de admitidas/os non presupón que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que aquélas superen as probas selectivas.

Sétima.- PROTECCIÓN DE DATOS

A efectos de cumprimento das previsións contempladas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos contidos na solicitude serán obxecto de tratamento automatizado polo Concello de Vigo para o desenvolvemento do proceso selectivo, entendéndose a prestación do consentemento ao efecto coa presentación e firma da solicitude, e poderán ser cedidos de conformidade coa lei, podendo exercer as persoas interesadas ante o Concello os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Oitava.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

8.1. Composición.

O órgano de selección das probas selectivas terá carácter colexiado e estará integrado por un mínimo de 5 membros, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, que poderán ser designados/as entre persoas funcionarias de carreira da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais que pertencen á especialidade relacionada coa praza obxecto da convocatoria; así como as respectivas suplencias, nomeadas pola Xunta de Goberno Local a proposta da Concellería competente en materia de persoal, previa a correspondente verificación técnica do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición dos órganos de selección será predominantemente técnica, e todas as persoas que o integren deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza; non podendo formar parte o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual.

De conformidade co artigo 59.4 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, "*os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo*".



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Ao abeiro do disposto no I Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo, aprobado por unanimidade do Pleno da Corporación Municipal de Vigo en sesión de data 15 de setembro do 2021 (BOPPO nº 189, do 30 de setembro do 2021) a composición dos órganos de selección de persoal responderá ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, sempre que iso non implique vulnerar os principios de profesionalidade e especialización das persoas que os integran, con especial incidencia nos seus cargos máis representativos entendendo por equilibrio unha representación non menor dun 50% para calquera dos dous sexos, salvo nos casos onde non sexa posible atopar esa porcentaxe entre as persoas co perfil preciso para formar parte dese tribunal ou comisión.

Así mesmo as persoas que os integren deberán ter formación en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes de, como mínimo, 20 horas de duración e recoñecida pola Administración Pública.

Correspóndelle á Presidencia acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegurar o cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

A Secretaría, que intervirá con voz e sen voto, desempeñará funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos, informe e proposta de resolución, ou ben proposta de acordo, respecto das alegacións e/ou reclamacións e recursos administrativos que se poidan presentar contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.2. Persoas asesoras especialistas.

O órgano de selección poderá contar con persoas asesoras especialistas para a realización de todas ou algunha das probas, as cales colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e deberán comparecer a título individual, con voz e sen voto, debendo cumprir os requisitos que para a participación en condición de integrantes dos órganos de selección establece a lexislación vixente.

8.3. Asistencia técnico-administrativa.

O órgano de selección poderá, mediante acordo expreso documentado na acta da primeira sesión ou da sesión constitutiva, de estimalo necesario e imprescindible para o adecuado desenvolvemento do proceso de selección, solicitar o apoio técnico e administrativo, a prestar por persoal municipal. Esta clase de apoio en ningún caso poderá implicar a custodia de documentación nin de actas; nin a presenza nas deliberacións, correccións e/ou avaliacións que se realicen polo órgano de selección, baixo a responsabilidade directa da Presidencia do órgano de selección. As persoas que presten esta clase de apoio deberán asinar a correspondente declaración responsable expresiva da ausencia de concorrencia das causas de abstención e recusación contempladas na lexislación vixente, así como de

coñecemento e compromiso de cumprimento dos deberes e principios dos empregados públicos recollidos nos artigos 52 a 54 do TREBEP e no Código de Conduta do Concello de Vigo.

O persoal municipal que preste apoio técnico e administrativo será nomeado mediante Resolución administrativa coas condicións e requisitos establecidos na Instrución de data 19 de xaneiro de 2022 para a determinación das condicións de prestación da asistencia técnica e administrativa do persoal municipal aos órganos de selección.

8.4. Regras de funcionamento.

8.4.1. Constitución do órgano de selección.

O órgano de selección deberá acordar na sesión constitutiva o número máximo de sesións, e deberá pronunciarse sobre a utilización ou non de medios electrónicos, de conformidade co disposto no apartado 8.4.2 relativo ao desenvolvemento das sesións dos órganos de selección, ditas incidencias se recollerán na correspondente acta, e só poderán modificarse por causa xustificada mediante novo acordo, debidamente motivado.

A realización dos exercicios integrantes da oposición, realizáranse preferentemente en horario de tarde.

O número máximo de sesións que acorde o órgano de selección, non deberá ser superior a dez, ampliables a outras dez mediante acordo motivado do órgano de selección por circunstancias excepcionais como número de aspirantes, dificultades ou complexidade de corrección de exercicios, número de impugnacións e outros factores de tipo obxectivo.

Cada Presidente/a convocará ás demais persoas integrantes do seu órgano de selección, con indicación do lugar, a data e a hora de constitución.

Para a válida constitución do órgano de selección para os efectos da realización das distintas probas, deliberacións, cualificacións e adopción de acordos, requirirase, en calquera caso, a presenza da Presidencia e da Secretaría, ou, no seu caso, de quen as substitúa, e máis a metade, cando menos, das persoas vogais integrantes.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o presidente/a será substituída/a, segundo o disposto na resolución que o nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderalle a presidencia do órgano de selección ao vogal de maior antigüidade e de máis idade, de entre os seus membros.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, a Secretaría será substituída, segundo o disposto polo órgano que a nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderá a función de Secretaría a unha das persoas vogais, tralo acordo adoptado polo órgano de selección na primeira sesión logo da súa constitución.

As resolucións do órgano de selección vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión, conforme o previsto no artigo 106 e seguintes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Contra as resolucións e actos do órgano de selección e os seus actos de trámite cualificados, poderán interpoñerse os recursos que legalmente procedan en dereito.

O órgano de selección adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios das persoas aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

8.4.2 Desenvolvemento das sesións

Os Tribunais cualificadores desenvolverán as súas sesións cando sexan convocados por orden da Presidencia do Tribunal, ben coa presenza física das persoas integrantes dos mesmos, nun mesmo lugar, ou ben a distancia, é dicir, podéndose atopar as persoas integrantes en distintos lugares, se ben, neste último caso, as sesións se realizarán utilizando os servizos subministrados a través da Rede corporativa.

Sesións dos tribunais a distancia por medios electrónicos:

Na sesión constitutiva o tribunal deberá pronunciarse sobre a utilización ou no de medios electrónicos, dando publicidade ao acordo adoptado a través da páxina web municipal.

Os tribunais cualificadores poderán celebrar sesións a distancia e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, con respecto dos trámites esenciais establecido nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As sesións se celebrarán mediante a utilización da webinar ou aplicación de videoconferencia corporativa do Concello de Vigo.

A convocatoria a distancia do tribunal calificador será notificada ás persoas integrantes por correo electrónico pola Secretaría e especificará:

- a) O medio electrónico polo que se celebrará a reunión e o acceso ao mesmo mediante o correspondente código.
- b) O medio electrónico polo que se poderá consultar a documentación.
- c) O modo de participar nos debates e deliberacións e o período de tempo durante o que terá lugar a reunión.
- d) O medio de emisión do voto e o período de tempo durante o que se poderá votar, debendo garantirse a identidade da persoa emisora.
- e) O medio de difusión das actas das sesións e o período durante o que se poderán consultar polas persoas integrantes do tribunal.

A Secretaría do tribunal deberá confirmar a recepción da convocatoria por parte dos membros do mesmo, salvo que a mesma se poda acreditar por medios electrónicos.

As sesións a distancia se celebrarán mediante videoconferencia, ou a través de calquera sistema electrónico corporativo que o permita, en cuxo caso:

- a) A convocatoria do órgano e a aportación da documentación necesaria se realizará conforme ao disposto no punto anterior.
- b) A sesión se celebrará garantindo o recoñecemento das persoas intervenientes e a comunicación entre elas.
- c) As votacións poderán ter lugar por mera expresión verbal do sentido del voto.

Previamente á convocatoria das sesións a distancia, se articulará tecnicamente, con indicación do soporte e a aplicación informática, o sistema que permita a celebración das reunións por medios electrónicos, o cal reunirá as seguintes características:

- a) Garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información, a cuxo fin se porá a disposición das persoas integrantes do tribunal un servizo electrónico de acceso restrinxido.
- b) Organizará a información en niveis de acceso cando elo sexa preciso.
- c) Articulará un medio para incorporar ás actas das sesións, a constancia das comunicacións producidas.

As actas das sesións a distancia e demais documentos do tribunal relativos a ditas sesións, estarán arquivados electrónicamente con todas as garantías adecuadas para súa autenticidade e conservación.

As sesións dos tribunais calificadoros a celebrar a distancia con medios electrónicos se poderán desenvolver de maneira síncrona ou asíncrona.

- Desenvolvemento das reunións a distancia síncrona.

Na data e na hora sinalada na convocatoria cada persoa integrante do órgano colexiado deberá acceder a través do medio indicado na mesma á sesión do tribunal calificador, utilizando o código de sesión que figurará na citación, que será persoal, secreto e único para cada sesión.

En primeiro lugar, cada integrante se identificará ante a Secretaría do tribunal, que dará fe de súa presenza corroborando este extremo mediante o envío dunha notificación confirmando o código secreto persoal.

A continuación, e unha vez se dé inicio á reunión pola Presidencia do tribunal, cada unha das persoas integrantes do mesmo intervirá na sesión solicitando súa quenda de palabra á Presidencia mediante o sistema que se estipule no medio utilizado para a celebración da reunión a distancia. Debidamente autorizado pola Presidencia, a persoa integrante do órgano intervirá na súa quenda e trasladará por escrito aquelas partes de súa intervención que queira que se recollan no acta da sesión. O medio utilizado para o traslado do mencionado escrito, deberá garantir o envío seguro do mesmo.

Da reunión se levantará pola Secretaría do órgano de selección a correspondente acta, que especificará necesariamente que a reunión se realizou a distancia, as persoas participantes na mesma, o orden do día, o lugar onde se celebra, as circunstancias de tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados. A acta que elabore a Secretaría do órgano deberá levar o visto bo da Presidencia do mesmo, e poderá ser aprobada na mesma reunión ou na inmediata seguinte. A Secretaría



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

do órgano remitirá a acta a través de medios electrónicos, ás persoas integrantes do órgano de selección, as cales poderán manifestar polos mesmos medios súa conformidade ou reparos ao texto, a efectos de súa aprobación, considerándose, en caso afirmativo, aprobada na mesma reunión.

-Desenvolvemento das reunións a distancia asíncronas.

As reunións asíncronas dos tribunais calificadoros serán convocadas especificamente para o debate e aprobación, si procede, de propostas de acordo que requiran dun estudo e análise pormenorizado por parte das persoas integrantes dos mesmos.

A convocatoria especificará o orden do día e, no seu caso, detalladamente os antecedentes e a proposta de acordo que se somete ás persoas integrantes do órgano Colexiado. Así mesmo incorporará a indicación de desenvolvemento do debate mediante o establecemento dunha rede de comunicación e intercambios asíncronos entre as persoas integrantes do órgano Colexiado.

Estas reunións se levarán a cabo exclusivamente mediante a utilización da rede de comunicación ao modo dun foro virtual, polo que no requirirán videoconferencia ni establecemento de comunicación de ningún outro tipo.

A convocatoria especificará claramente o espazo temporal dispoñible para deliberar, debater e votar.

Finalizado o prazo establecido, as persoas integrantes do órgano Colexiado que non emitiran seu voto, se lles fará constar na acta da reunión asíncrona como abstención.

Unha vez finalizada a deliberación e debate, para proceder a depositar seu voto, deberán enviar o mesmo á dirección de correo electrónico da Secretaría do órgano Colexiado; xunto con seu código secreto persoal. Sen o código persoal adxunto no correo de votación, o voto se computará como voto nulo e, en consecuencia, na acta se reflectirá dita circunstancia.

De todo elo se levantará a correspondente acta pola Secretaría do órgano, que reflectirá idénticos extremos aos sinalados na instrución anterior para as reunións sincrónicas e que será aprobada seguindo as mesmas regras.

8.4.3. Ausencias temporais das persoas integrantes do órgano de selección.

Unha vez constituído validamente o órgano de selección, cando algunha das persoas que o integran se ausente durante a realización ou corrección das probas, a Secretaría do órgano farao constar na correspondente acta.

Se a ausencia ten lugar durante a corrección mediante lectura pública dun exercicio, a Secretaría do órgano deberá facer constar expresamente tal circunstancia na acta; e a persoa vogal ausente non poderá outorgar puntuación ao exercicio realizado.

8.4.4. Abstención e recusación.

As persoas integrantes do órgano de selección deberanse abster de intervir, e notificaranllo ao órgano que os designe, cando concorran nelas as circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como cando realízen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivos de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos/as membros/as do órgano de selección cando, ao seu xuízo, concorra neles/as algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

8.4.5. Publicidade.

Todas as actuacións do órgano de selección publicaranse na web municipal do Concello de Vigo, www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

8.4.6. Proposta de nomeamento.

Logo do remate do proceso selectivo, o órgano de selección deberá publicar na páxina web municipal www.vigo.org a proposta de nomeamento. O órgano de selección non poderá propoñer o acceso á condición de funcionario ou declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior ao das prazas que se convocan, agás cando así o determine a propia convocatoria.

Con todo, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de persoas aspirantes que sigan as propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TREBEP).

8.4.7 Dereitos económicos das persoas integrantes do órgano de selección.

A categoría de cada órgano de selección, e os conseguíntes dereitos económicos pola asistencia ás distintas sesións, regularanse polo disposto no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Os dereitos económicos das perspas asistentes aos órganos de selección, do persoal técnico especialista e administrativo, rexeranse tamén polo dito real decreto, e percibirán a mesma cantidade cá correspondente a unha persoa vogal, sempre que a súa asistencia fose requirida polo presidente/a do citado órgano e selección, e así conste expresamente na acta.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Estas mesmas normas rexerán en canto á determinación do número máximo de asistencias para cada proceso selectivo, que determinará o presidente do órgano de selección, unha vez coñecido o número de persoas aspirantes admitidas.

As asistencias devengarase por cada sesión realizada, con independencia de se esta se estende a máis dun día. No caso de que nun mesmo día se realice máis dunha sesión, devengarase unicamente unha asistencia. En todo caso, estarase ao establecido na normativa a todos os efectos, incluíndo os límites máximos a percibir polos funcionarios públicos en tal concepto contemplados na norma citada.

Novena.- COMEZO DOS EXERCICIOS.

O comezo do primeiro exercicio do proceso selectivo, deberá anunciarse con 15 días de antelación no Boletín Oficial da Provincia e na web municipal www.vigo.org, atrasándose a data de inicio das probas para cumprir o dito prazo se fose preciso.

Os exercicios e as probas practicarase en chamamento único. A non presentación dunha persoa aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluída, en consecuencia, do proceso selectivo. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do órgano de selección, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. O DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

Nos concursos-oposicións relativos a prazas reservadas para a promoción interna comezarase pola fase de concurso. O órgano de selección reunirse coa antelación necesaria para que se cumpra a data de realización dos exercicios e probas.

A cualificación da fase de concurso e dos exercicios da oposición, así como a relación de aprobados por orde de puntuación, na web municipal www.vigo.org.

Décima.- SISTEMAS DE SELECCIÓN.

Con carácter xeral establécese a oposición libre, agás para as prazas correspondentes a bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, que se proveerán polo sistema de concurso-oposición, e agás tamén na quenda de promoción interna, para a cal se establece idéntico sistema de concurso-oposición.

A) Sistema de oposición.- O proceso de selección constará dos exercicios que se determinen nas bases específicas, obrigatorias e de carácter eliminatorio, no seu caso.

B) Sistema de concurso-oposición.- Reservado para as prazas correspondentes a bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, e a promoción interna. Nas probas selectivas que se realicen por este sistema, a fase de oposición, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio en todos os exercicios, será posterior á fase de concurso, e desenvolverase na forma que se determina nas bases específicas. A

fase de concurso non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición.

Para a fase de concurso, os méritos e a súa correspondente valoración, así como os sistemas de acreditación dos mesmos, establecerase nas bases específicas correspondentes ás prazas de bombeira/o, condutor/a-bombeiro/a, cabo e sarxenta/o de extinción de incendios, e na base 13ª das xerais, para a quenda de promoción interna.

-Disposicións aplicables a ambos sistemas:

Agás que por disposición legal, regulamentaria ou nas bases específicas se dispoña outra cousa, a fase de oposición constará como mínimo de 2 exercicios, un teórico e outro práctico.

Os exames tipo test, deberán elaborarse inmediatamente antes, seguindo o proceso que se indica a continuación, proceso que deberá quedar recollido no acta redactada polo Secretario/a do tribunal:

- O cuestionario será determinado polo Tribunal tomando como referencia para súa elaboración, manuais especializados e/ou textos normativos (indicando editorial, autor e ISBN, e/ou no seu caso Diario Oficial de publicación).
- Para a elaboración das preguntas, se distribuirán os temas do temario contemplado nas bases específicas correspondentes, entre as persoas integrantes do órgano de selección. Deberá elaborarse inmediatamente antes do inicio do exercicio.
- Tendo en conta o número dos aspirantes presentados, o órgano de selección poderá establecer unha nota de corte, que será comunicada aos opositores antes do inicio da proba, e será publicada na web municipal www.vigo.org
- Garantirase o anonimato cos medios técnicos dos que dispón o Concello, en concreto o sistema PLICA de corrección informática ou similar.

O exercicio teórico realizarase con carácter xeral por escrito e se referirá aos temas que se inclúan no temario común anexo a estas bases se fose de aplicación e, ao temario específico que se inclúe tamén como anexo, nas bases específicas de cada convocatoria. Así mesmo, o órgano de selección poderá acordar a lectura dos exercicios polos aspirantes unha vez finalizada a súa realización, sempre en sesión pública; no caso de que o exercicio sexa eliminatorio o/a aspirante que non acuda á lectura pública será declarado non apto e, polo tanto, eliminado do proceso selectivo.

A forma de practicarse o exercicio será acordada polo órgano de selección en cada caso, en función das características da praza e o previsto nas bases específicas de cada convocatoria. Se o exercicio fose tipo test, deberá referirse aos temas que integran o temario común correspondente ao grupo de titulación da praza que se oferta, se fose de aplicación, e aos temas específicos da convocatoria, incluídos como Anexo nas bases específicas.

No exercicio práctico o órgano de selección poderá propoñer os casos prácticos que se sinalen nas bases específicas de cada convocatoria, sempre relacionados coas materias do temario, e con base neles, establecer a súa duración, sen prexuízo do que poida establecerse nas bases específicas. Así mesmo, cando as características deste exercicio



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

requira o uso de lexislación, non se permitirá o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

Os criterios para a súa avaliación, deberán ser fixados polo órgano de selección e comunicados ás persoas aspirantes antes de se iniciar o exame, e constar na correspondente acta.

Tamén se poderá realizar unha proba de informática/competencias dixitais e/ou coñecemento de idiomas oficiais da Unión Europea, adecuada ao nivel de titulación e funcións da praza, e que figurará nas bases específicas.

Amáis, realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo XIV da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, que consistirá nun exame de lingua galega oral e/ou escrito adecuada ao nivel e contido da praza convocada.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que aporten no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, copia simple do título CELGA ou equivalente debidamente homologado (con independencia de que, polo órgano de selección, lle sexa requirido o seu orixinal antes da realización da proba de coñecemento do idioma galego), correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas de que se trate, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I) agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Os exercicios teóricos e prácticos cualificaranse cun máximo de 10 puntos cada un, quedando eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos en cada un deles.

A proba de informática/competencias dixitais cualificarase cun máximo de 2 puntos, e a/o aspirante que non obteña un mínimo de 1 punto está obrigado/a a participar no primeiro curso que realice o concello, a fin de obter a debida capacitación, agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa.

A proba de coñecemento de idioma galego, e no seu caso, a de idiomas oficiais da Unión Europea, cualificaranse cun máximo de 2 puntos, agás que nas bases específicas se dispoña outra cousa.

A/o aspirante que non obtivese 1 punto, como mínimo, na proba de idioma galego, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente, co fin de obter a debida capacitación.

A puntuación obtida polo/a aspirante na fase de concurso non poderá exceder do 40% do total da puntuación máxima alcanzable na fase de oposición.

A suma das puntuacións obtidas na fase de concurso -co límite exposto no parágrafo anterior-, nos exercicios da oposición e nas probas de coñecemento de informática/competencias dixitais e da lingua galega, suporá a puntuación total da proba

selectiva, que servirá para elaborar a relación de persoas aprobadas por orde de puntuación.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Segundo os grupos ao que pertencen as prazas, o número de temas para quenda libre será como mínimo o seguinte, de conformidade co disposto no artigo 8 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño:

- Subgrupo A1: 90 temas.
- Subgrupo A2: 60 temas.
- Subgrupo C1: 40 temas.
- Subgrupo C2: 20 temas.
- Agrupacións profesionais: 10 temas.

Para a quenda de promoción interna, poderase reducir o número de temas ata os mínimos seguintes:

- Subgrupo A1: 72 temas.
- Subgrupo A2: 48 temas.
- Subgrupo C1: 15 temas.
- Subgrupo C2: 8 temas.
- Agrupacións profesionais: 5 temas.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia da Secretaría do órgano de selección para a súa apertura ao inicio da sesión na que se corrixan.

A orde de puntuación das persoas integrantes do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

As persoas integrantes do órgano de selección só poderán cualificar os exames en que tivesen unha intervención directa na súa corrección, consonte ao disposto na base 8.4.2.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor da persoa aspirante con maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, pola que obtívese maior puntuación no epígrafe de coñecementos ou experiencia profesional. De seguir persistindo o empate, se dirimirá establecendo o tribunal unha sinxela proba adicional e obxectiva relacionada coas materias obxecto da oposición para os empatados.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación das persoas aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Décimo primeira.- CALENDARIO PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS.

Para o seu inicio estarase ao disposto na base novena.

Entre a realización de cada un dos exercicios da oposición (excluídos os non eliminatorios) deberá transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Unha vez comezados os exercicios dos procesos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Será suficiente coa publicación polo órgano de selección na web municipal www.vigo.org con polo menos 24 horas de antelación ao comezo cando se trate do mesmo exercicio, e de 48 horas se é un novo.

Décimo segunda- Embarazo, parto inminente ou parto recente

Se algunha das persoas aspirantes non puidese participar nalgún exercicio do proceso selectivo a causa dun embarazo, parto inminente ou parto recente, debendo constar debidamente acreditado o suposto, a súa situación quedará condicionada á realización do exercicio aprazado, que non se poderá demorar tanto que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal

Décimo terceira- QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA.

A selección por esta quenda rexerese polas mesmas bases que na quenda libre coas seguintes especificidades:

12.1 A promoción interna consiste no ascenso dende corpos ou escalas dun subgrupo de titulación a outro do inmediato superior, ou no acceso a corpos ou escalas do mesmo grupo de titulación, sempre que se trate de prazas de contido similar e se faga constar nas convocatorias específicas. En calquera caso a promoción interna rexerese polo disposto no título V do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do Regulamento xeral de ingreso e normativa de concordante aplicación.

12.2 Réxime de promoción interna:

*As persoas empregadas públicas municipais que promocionen a prazas de cabo e sarxenta/o extinción de incendios, ou outros postos de mando, deberán realizar o curso de nivel básico de prevención de riscos laborais co obxecto de proporcionar o nivel de capacitación necesario para desenvolver as funcións de xestión da prevención acordes ao seu cargo, establecida no artigo 35 do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro)

- a) Poderán participar nas probas de promoción interna o persoal municipal deste Concello, que non se atope en situación administrativa de suspensión firme, sempre que teñan unha antigüidade de cando menos 2 anos no corpo ou escala á que pertencen na data de presentación da solicitude, e posuír a titulación e o resto dos

requisitos establecidos con carácter xeral para o acceso ao corpo ou escala no que aspiran ingresar.

- b) Establécese como sistema de promoción o concurso-oposición, agás que por imperativo legal se esixa outro.
- c) Na fase de concurso rexerá o seguinte baremo, agás que legalmente se esixa outro ou que nas bases específicas se estableza outro diferente:

1.- Antigüidade. Por cada ano ou, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses, integrado no grupo ou escala de orixe: 0,30 puntos, ata un máximo de 3 puntos.

2.- Por participación en cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados.

Se se trata de persoal de oficios tamén computarán como mérito os cursos impartidos polo Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) ou organismo que o substitúa nas distintas comunidades autónomas sempre que teñan relación directa coas funcións do posto ao que se aspira. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación.

Para que os cursos poidan ser avaliados deberán ter relación directa coas funcións dos postos aos que poidan ser adscritos os titulares da praza, relación que establecerá motivadamente o órgano de selección na sesión na que teña lugar a valoración dos méritos das persoas aspirantes na fase de concurso.

Nas convocatorias específicas poderá figurar a relación de cursos con dereito a poder ser avaliados.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 3 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

3.- Titulacións académicas:

3.1.- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto. (Só se puntuará unha como máximo).

3.2.- Por estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente: 1 punto.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 2 puntos.

4.- Coñecemento do idioma galego.

Os cursos de coñecemento do idioma galego avaliaranse do seguinte xeito:

- Por superar o curso ou validación de iniciación/CELGA 3: 0,25 puntos.
- Por superar o curso ou validación de perfeccionamento/CELGA 4, ou curso básico de linguaxe xurídico-administrativa: 0,50 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa media: 0,75 puntos.
- Por superar o curso de linguaxe xurídico-administrativa superior/CELGA 5: 1 punto.

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Á persoa aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos, efectuaráselle unha proba de coñecementos que se valorará cun máximo de 0,25 puntos. A proba realizarase despois da fase de concurso e antes de iniciarse o da oposición, se estivese prevista, para o que se convocará ás perspas aspirantes que non aporten certificación de contar con ningún curso de lingua galega a través da web municipal www.vigo.org

d) Fase de oposición.

Aplicaranse as mesmas previsións que na quenda libre.

Non obstante, os exercicios das persoas aspirantes por esta quenda estarán dirixidos preferentemente a comprobar o coñecemento da praza á que se aspira, polo que o número mínimo de temas será o previsto na base X.

Por esta quenda non se realizarán exames de coñecemento de idioma galego, agás que as bases específicas establezan o contrario.

Décimo Cuarta.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN TRAS A PROPOSTA DE NOMEAMENTO POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Considerando que as persoas aspirantes, para tomar parte nas probas selectivas, só precisan manifestar na súa solicitude que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas

na base IV anterior –agás o D.N.I, CELGA, declaración xurada, o xustificante de pagamento dos dereitos de exame e os documentos que xustifiquen os méritos que deban ser tidos en conta na fase de concurso- aquelas que fosen propostas para ocupar as prazas convocadas achegarán os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base 4, a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dirixidas a Área de Recursos Humanos e Formación dentro do prazo de 20 días naturais contados dende o día seguinte a que se faga pública a proposta de nomeamento polo órgano de selección, mediante a publicación na web municipal www.vigo.org.

A xustificación das condicións das persoas aspirantes acreditaranse coa seguinte documentación:

- Copia autenticada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras ou orixinal achegado presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros (que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable).
- Copia autenticada do título oficial ou orixinal achegado presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros (que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable) e no seu defecto, resgardo de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso)
- Certificado/informe médico oficial ou se o esixe a convocatoria, acreditación, a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración xurada de non estar separada do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas nin atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Se vai a ser adscrita a postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores, o Concello pedirá a autorización das persoas aspirantes para poder consultar a devandita información na Plataforma de Intermediación de Datos do Ministerio competente por razón de materia. No caso de non autorizar a consulta a persoa interesada deberá achegar unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

Se dentro do prazo indicado as persoas aspirantes propostas non presentaran a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos non poderán ser nomeadas, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

Quen tivese a condición de persoa empregada pública está exenta de presentar a documentación acreditativa de condicións e requisitos xa acreditados no momento da súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

toma de posesión, substituíndoa por un certificado ao efecto do organismo no que prestou os seus servizos, salvo que sexa no Concello de Vigo, caso no cal expedirase de oficio.

No suposto da **promoción interna**, non é necesario aportar a documentación que obre en poder da Administración, podendo ser requiridos para súa subsanación ou a existente non estea actualizada.

En calquera momento, poderá requirirse tanto polo órgano de selección como polo persoal da Área de Recurso Humanos e Formación, a presentación a través de Rexistro, da documentación orixinal (título e méritos) aos efectos de xerar copia autenticada.

Décimo Quinta.- PERÍODO DE PRÁCTICAS E CURSOS SELECTIVOS.

Nas convocatorias específicas poderase contemplar a realización dun período de prácticas ou dun curso selectivo por parte dos/as aspirantes aprobados, durante o cal serán nomeados /as funcionarios/as en prácticas.

Por resolución motivada do órgano que convoca os/as aspirantes que non superen o período de prácticas ou curso selectivo, de acordo co procedemento de cualificación previsto na convocatoria, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados/as funcionarios/as de carreira.

Poderán incorporarse, en todo caso, ao curso inmediatamente seguinte que se realice coa puntuación asignada ao último dos participantes naquel. De non superalo tampouco, perderán todos os seus dereitos a seren nomeados funcionarios de carreira.

Décimo Sexta.- NOMEAMENTO

Finalizado o proceso selectivo e o período de prácticas ou curso selectivo, de ser o caso, as persoas que o superen serán nomeadas funcionarias de carreira.

Os nomeamentos publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Décimo Sétima.- TOMA DE POSESIÓN.

A formalización da toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento das persoas interesada no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60.c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quen non o faga sen causa xustificada será declarada en situación de cesante e consecuentemente decaída no seu dereito a ser nomeada por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento da seguinte persoa aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

Previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida na lexislación vixente, segundo acta de toma de posesión.

Na dilixencia de toma de posesión farase constar a manifestación da persoa interesada de non vir desempeñando ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade, por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio.

Se a persoa interesada viñese desenvolvendo actividades incompatibles coa condición de persoal funcionario público, deberá optar expresamente por unha delas dentro do prazo establecido para a toma de posesión, nos termos do disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e demais normativa de concordante aplicación; no suposto de ter a condición de funcionario público ou persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

Décimo Oitava.- INCIDENCIAS.

As convocatorias e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas persoas interesadas nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación.

Amáis delo, contra os acordos dos órganos de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos.

O prazo quedará suspendido se a persoa aspirante solicita que se lle poña de manifesto o expediente, polo prazo que transcorra entre a solicitude e o día no que se lle poña de manifesto, establecéndose o prazo máximo de suspensión en 10 días hábiles.

As reclamacións deberán ser resoltas polo órgano de selección, previa a emisión de informe por parte da Secretaría do mesmo, debendo ser publicadas na páxina web municipal e no taboleiro de editos do Concello, sen prexuízo da súa notificación ás persoas reclamantes. A publicación efectuarase xunto co anuncio do lugar e data de celebración do seguinte exercicio (salvo que sexa o último).

Contra a desestimación das reclamacións indicadas poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

A provisión das prazas reservadas para persoas con diversidade funcional realizarase da forma máis axeitada ás necesidades destas, coa finalidade de garantir o acceso á función pública. Deste xeito, será o órgano de selección o que determine o contido e alcance das probas selectivas a realizar nos termos do establecido nas bases, tralo asesoramento por especialistas na materia, se fose necesario, e de conformidade co temario que se incorpora



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

como anexo ás bases específicas de cada unha das prazas ofertadas, coa necesaria adaptación de tempos e medios esixida pola diversidade funcional que conorra nas persoas aspirantes.

O órgano de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para garantir a transparencia da selección, procurando, na medida do posible, o anonimato das persoas aspirantes durante a realización e corrección das probas selectivas.

Así mesmo, o órgano de selección poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aquelas persoas aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta nos exercicios das probas selectivas.

Durante o desenvolvemento das probas, poderá o órgano de selección solicitar dos/as aspirantes as aclaracións complementarias que estime precisas.

Na totalidade das prazas reservadas á promoción interna exclusivamente do subgrupo C2 ao C1 esixirase a titulación establecida no artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto do Empregado Público (TREBEP), ou unha antigüidade de 10 anos no corpo ou escala do subgrupo C2.

A acumulación de prazas da quenda de promoción interna á quenda libre no caso de quedar desertas realizarase previa verificación do correspondente axuste normativo e da conseguinte acreditación da correspondente procedencia consonte á normativa vixente.

B) Persoal laboral.

Rexerán as bases do persoal funcionario coas seguintes modificacións:

As bases 14^a, 15^a e 16^a, substitúense pola seguinte:

Décimo Cuarta.- CONTRATACIÓN.

Unha vez aprobada a proposta polo órgano competente (Xunta de Goberno Local), notificaráselles ás persoas interesadas para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do acordo.

Quen non o subscriba sen causa xustificada será declarada en situación de cesante e consecuentemente decaerá no seu dereito a acceder ao posto de traballo por falta de materialización do seu dereito a ser contratada no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento e conseguinte contratación da seguinte persoa aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

Previamente, deberán ter achegado a través dos medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e normativa concordante de aplicación, no prazo máximo de 20 días naturais,

contados a partir da publicación da proposta de nomeamento na páxina web municipal a seguinte documentación esixida na base 4ª:

- Copia autenticada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de persoas estranxeiras ou orixinal achegados presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros, que serán dixitalizados, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable
- Copia autenticada do título oficial ou orixinal achegados presencialmente na oficina de asistencia en materia de rexistros, que será dixitalizado, de acordo no artigo 27 e demais normativa aplicable e no seu defecto, resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso)
- Certificado/informe médico oficial ou se o esixe a convocatoria, acreditación, a través da superación do correspondente recoñecemento médico que contará, con carácter xeral, coa amplitude necesaria para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida o desenvolvemento das funcións do cargo, e sen prexuízo das probas concretas que poidan esixirse nas bases específicas de cada convocatoria.
- Declaración xurada de non estar separada do servizo en ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitada por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas nin atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Se vai a ser adscrita a postos de traballo cuxas funcións impliquen contacto habitual con menores, o Concello pedirá a autorización das persoas aspirantes para poder consultar a devandita información na Plataforma de Intermediación de Datos do Ministerio competente por razón de materia. No caso de non autorizar a consulta a persoa interesada deberá achegar unha certificación negativa do Rexistro central de delitos sexuais na que se acredite a ausencia de condena por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

No contrato farase constar a manifestación da persoa interesada de non estar desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada remunerada, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos de calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio. No suposto de ter a condición de persoal funcionario público ou de persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e para aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

OUTRAS DISPOSICIÓNS COMÚNS.

Todas as referencias que nas bases para cubrir prazas de persoal funcionario se efectúen a “persoal funcionario” entenderanse referidas a “persoal laboral” e as que se fagan a “grupo de titulación” a “equiparado ao grupo de titulación”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

As persoas aspirantes que, non tendo superado o proceso selectivo, aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación.

ANEXO

Agás que nas bases específicas se indique outra cousa, existirá un grupo de temas comúns para todas as probas derivadas da oferta, segundo o grupo de titulación -ou a súa equivalencia no caso do persoal laboral-, e que serán 18 temas para o Subgrupo A1, 12 temas para o Subgrupo A2, 8 temas para o Subgrupo C1 e 4 temas para o Subgrupo C2, tal como se enumeran de seguido:

GRUPO A DE TITULACIÓN: SUBGRUPO A1

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.
- Tema 2.- A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.
- Tema 5.- Organización municipal. Competencias.
- Tema 6.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.
- Tema 7.- Función pública local: organización, selección e situacións administrativas. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancións.
- Tema 8.- Funcionamento electrónico do sector público: sede electrónica, sistemas de identificación e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.
- Tema 9.- Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma do contrato.
- Tema 10.- A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas.
- Tema 11.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración.
- Tema 12.- Eficacia dos actos administrativos. A obriga de resolver e silencio administrativo. Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos.
- Tema 13.- O recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso-administrativo.

- Tema 14.- O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.
- Tema 15.- Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.
- Tema 16.- O servizo público. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.
- Tema 17.- A función recadadora nas facendas locais. Principios orzamentarios na Lei reguladora das facendas locais.
- Tema 18.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

GRUPO A DE TITULACIÓN: SUBGRUPO A2

- Tema 1.- A Constitución española de 1978: Consideracións xerais; estrutura e contido; características principais. Principios constitucionais e valores superiores (
- Tema 2.- A Unión Europea. A Unión Europea: orixe e natureza. As institucións da Unión Europea: composición e atribucións. Fontes do dereito comunitario: dereito orixinario e dereito derivado. Competencias.
- Tema 3.- A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tema 4.- O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Dereitos e deberes da veciñanza.
- Tema 5.- Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias municipais. Os municipios de gran poboación
- Tema 6.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez e eficacia. A notificación. A execución do acto.
- Tema 7.- A invalidez do acto administrativo. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. Os recursos administrativos.
- Tema 8.- O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver. O réxime do silencio administrativo.
- Tema 9.- Os contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Elementos do contrato administrativo. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.
- Tema 10.- A potestade sancionadora: concepto e principios que a informan. O procedemento sancionador.
- Tema 11.- O orzamento das Entidades Locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración, aprobación e liquidación do orzamento. Fases do procedemento de execución de gasto no réxime local. Os créditos e as súas modificacións: clases e tramitación. Os gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.
- Tema 12.- A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade.

GRUPO C DE TITULACIÓN: SUBGRUPO C1

- Tema 1.- A Constitución de 1978: estrutura, principios xerais e contido. O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e contido. Breve referencia ás competencias da Comunidade Autónoma.
- Tema 2.- A Administración do Estado, a administración autonómica e a administración local. Administración institucional e corporativa. A relación xurídico-

administrativa: os dereitos dos cidadáns nas súas relacións coa Administración. O municipio: elementos esenciais. O empadramento. Especial referencia ás competencias municipais.

- Tema 3.- O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Comunicaci3ns, notificaci3ns e publicaci3n dos actos administrativos.
- Tema 4.- O procedemento administrativo local: concepto e fases. A obriga de resolver: o silencio administrativo.
- Tema 5.- Funcionamento electr3nico do sector p3blico: sede electr3nica, sistemas de identificaci3n e sinatura dos interesados no procedemento administrativo e rexistros.
- Tema 6.- Funci3n p3blica local: organizaci3n, selecci3n e situaci3ns administrativas. Dereitos e deberes dos empregados p3blicos locais. O procedemento disciplinario: faltas e sancions.
- Tema 7.- A Facenda Local: ingresos p3blicos, concepto e clasificaci3n. Os presupostos locais. As ordenanzas fiscais.
- Tema 8.- A igualdade de x3nero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminaci3n. Pol3ticas p3blicas para a igualdade.

GRUPO C DE TITULACI3N: SUBGRUPO C2

- Tema 1.- Referencia aos principios xerais e contido da Constituci3n espa3ola de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia. O municipio: concepto e elementos esenciais. Breve referencia ás competencias municipais.
- Tema 2.- O procedemento administrativo local. A Administraci3n electr3nica. Comunicaci3ns e notificaci3ns.
- Tema 3.- Dereitos e deberes dos empregados p3blicos locais. Faltas e sancions. O procedemento disciplinario.

O tema 3 para o subgrupo C2, no caso de que se trate de probas para seleccionar persoal laboral substituirase polo seguinte:

Dereitos e deberes dos empregados segundo o Estatuto dos traballadores. Faltas e sancions, procedemento sancionador do persoal laboral segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto B3sico do Empregado P3blico (TREBEP) e, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego P3blico de Galicia.

- Tema 4.- A igualdade de x3nero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminaci3n. Pol3ticas p3blicas para a igualdade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

BASES ESPECÍFICAS

PERSOAL FUNCIONARIO

1.- SARXENTA/O EXTINCIÓN DE INCENDIOS

QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

- I.- Número de prazas: 2
- II.- Características da praza:

Enmarcada no grupo C1 de titulación; escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios, categoría, sarxento. Estarán dotadas coas retribucións básicas que legalmente corresponden ó grupo C1 e as complementarias propias do posto de traballo de sarxenta/o do servizo de extinción de incendios.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

- III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición, reservándose para promoción interna entre persoal funcionario de carreira do grupo C2 de titulación do servizo de Extinción de Incendios que conte cunha antigüidade de cando menos dous anos no corpo u escala de administración especial, subescala de extinción de incendios, clase servizos especiais e categorías de cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a.

A fase de concurso avaliarase de conformidade co establecido na base 13ª das xerais coas seguintes particularidades no baremo de antigüidade:

- *0,05 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como bombeiro ou condutor bombeiro ata un máximo de 0,80 puntos.*
- *0,10 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como cabo ata un máximo de 1,00 puntos.*
- *0,15 puntos por cada ano, despois do primeiro ano unha fracción superior a seis meses de servizo como sarxento ata un máximo de 1,20 puntos.*

- IV.- Condicións das persoas aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato Superior, FP II ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen as equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou contar con dez anos de antigüidade integrados/as no grupo C, subgrupo C2 de titulación, na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase extinción de incendios e categoría cabo, bombeira/o e condutor/a bombeiro/a.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

V.- Identificación dos e das opositores/as.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas previstas do seu DNI, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test 50 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante un período máximo dunha hora e media (90 minutos), e consistirá en desenvolver un suposto teórico-práctico proposto polo órgano de selección e relacionado coas funcións propias asignadas ao posto e que teña relación co temario específico da convocatoria. A tales efectos e sempre inmediatamente antes da proba, cada persoa integrante do órgano de selección elaborará 2 supostos, sendo sorteado de entre todos eles o que servirá para a realización da proba. Conxuntamente se establecerán de xeito motivado os criterios de valoración do mesmo e as puntuacións máximas de cada un dos apartados e subapartados nos que se divida o suposto práctico, criterios que serán comunicados ás persoas aspirantes antes do inicio da proba e que constarán na correspondente acta.

Concluída a lectura do exercicio o tribunal poderá pedirlle á aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Dito exercicio cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Así mesmo obrigatorio e eliminatorio.

Probas psicotécnicas. Estarán dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais das persoas aspirantes e a súa adecuación á función do posto que se vai desempeñar comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado.

Serán efectuadas e valoradas por persoal especialista. Consistirán na aplicación dunha proba de aptitudes e de personalidade, segundo o Anexo I das bases específicas, que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

medirá a capacidade intelectual dos aspirantes para actuar eficazmente, a avaliación do potencial das persoas aspirantes para o desenvolvemento exitoso das funcións a desempeñar así como a aplicación de probas de personalidade destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das e dos aspirantes. Cualificaranse como apta/non apta.

1. Proba de Aptitudes. Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade. As probas de personalidade orientaranse a avaliar os rasgos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función do posto de sarxento do Servizo de Extinción de Incendios, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade. Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento da tensión e motivación propias do posto de traballo .

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de tensión ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto dun servizo de emerxencia.

A cualificación de cada exercicio e a final faranse con arranxo ó previsto na base 10ª das xerais.

VII.- Curso selectivo.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, percibindo as retribucións que legalmente correspondan á dita situación. Deberá superar un curso teórico-práctico de 3 meses de duración como máximo, antes do seu nomeamento definitivo como funcionaria de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incurrir en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas das que conste.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.

- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.

A Concellería competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: un funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un/unha suboficial ou un/unha cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dous funcionarios/as de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou persoal funcionario de carreira da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito da Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por misión avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

VIII.- PROGRAMA ESPECÍFICO

(EXCLÚENSE OS TEMAS PARA PRAZAS DO GRUPO C1, QUE FIGURAN COMO ANEXO AS BASES XERAIS)

Parte xeral

- Tema 1. A Constitución Española de 1978: significado e estrutura. Principios xerais. Reforma da Constitución. Dereito e deberes fundamentais dos españois. Garantía e suspensión. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade
- Tema 2. A organización do Estado español na Constitución. A Coroa. As Cortes Xerais. O poder xudicial. O poder executivo.
- Tema 3. O Estado das autonomías. Modo de organización estatal na Constitución española. Caracteres do dereito á autonomía. Competencias das comunidades autónomas. Contido e valor normativo dos estatutos de autonomía. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A cooficialidade lingüística na Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Tema 4. O dereito administrativo e o seu concepto. As fontes do ordenamento xurídico. A Constitución. A lei. Disposicións normativas con rango de lei. Os regulamentos. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- Tema 5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común. O deber de resolver e notificar. Os expedientes e o seu arquivo. A administración electrónica.
- Tema 6. A Administración local: concepto e evolución. A Administración local na Constitución española. Regulación xurídica actual do réxime local. Entidades que comprende. O municipio e as súas competencias. Servizos mínimos obrigatorios.
- Tema 7. O Municipio: conceptos e elementos. O termo municipal: o problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereito dos estranxeiros.
- Tema 8. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas. Outros órganos complementarios e os grupos políticos municipais. Municipios de gran poboación: municipios de aplicación, organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios e xestión económica-financiera. Réxime e funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria, orde do día, actas e certificacións.

Parte específica

- Tema 9. Mecanismos de extinción de incendios. Axentes extintores, sólidos, líquidos e gasosos, características e campo de aplicación.
- Tema 10. Centros de transformación, características, clasificación, partes fundamentais, manobras a ter en conta, tomas de terra. Normativa aplicable.
- Tema 11. Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable.
- Tema 12. Grado valorativo dos lumes. Potencia calorífica dos diversos materiais e substancias. Estudio da velocidade de combustión. Curvas características dos lumes tipo.
- Tema 13. Propiedades e características dos gases, líquidos e sólidos de carácter volátil mais usuais. Punto de ignición. Punto de auto inflamación. Límite superior e inferior de inflamabilidade. Punto de ebulición.
- Tema 14. Sustancias de combustión espontánea, fases. Xeración e propagación segundo tipo de materia: Factores. Oxidantes: tipos e descomposición. Acción da auga na combustión espontánea.
- Tema 15. Toxicidade nos lumes: os produtos da combustión. Gases xerados na combustión de materias comúns (madeira, la, plásticos e goma). Monóxido de carbono. Dióxido de carbono. Ácido cianhídrico. Dióxido de nitróxeno, etc.
- Tema 16. Mecánica de fluídos. Definición e clasificación. Definición de fluído. Propiedades dos fluídos.
- Tema 17. Hidrostática. Presión hidrostática. Equilibrio dun fluído no campo gravitatorio. Principio de Pascal, prensa hidráulica. Medida da presión. Presión absoluta e relativa. Principio de Arquímedes. Centro de presións: estabilidade en flotación e somerxidos.
- Tema 18. Hidrodinámica. Movemento laminar e turbulento. Teorema de Bernulli. Caudal, empuje e perda de carga. Variacións de caudal.
- Tema 19. Bombas centrífugas. Tipos e características das bombas utilizados nos S.E.I.S. Normativa aplicable. Descricións e funcionamento. Cavitación e golpe de ariete das bombas centrífugas.

- Tema 20. Flash Over: Concepto, características, tipos, condicións para que se produza, causas e efectos.
- Tema 21. Protección respiratoria en ambientes con riscos derivados dun incendio: Toxicidade e riscos. Equipos de protección respiratoria: clases e características. Normativa. Normas de actuación.
- Tema 22. Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Obxecto e ámbito de aplicación. Inspeccións periódicas. Caracterización dos establecementos industriais en relación coa seguridade contra incendios.
- Tema 23. Instalacións eléctricas de baixa tensión nos edificios: xeneralidades, sistemas de distribución para uso de vivendas, comercial, oficinas, público, industria e garaxe. Instalacións comúns e privativas segundo normativa. Redes de protección a terra.
- Tema 24. Métodos de salvamento. Rescate de vítimas en accidentes de circulación. Material de corte, separación e de elevación, bomba hidráulica e manual. Medidas de seguridade. Técnicas de rescate. Sinalización. Rescate en medios acuáticos. Material e técnicas de rescate en superficie.
- Tema 25. Sistemas de radio: Clasificación segundo o seu tipo de modulación. Conceptos básicos. Amplitude, frecuencia e fase. Bandas de frecuencia para servizos móbiles terrestres. Relación entre ancho de banda e velocidade de transmisión.
- Tema 26. Sistema de comunicación en emerxencias: Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas tetra.
- Tema 27. Tipos de vehículos dos SEIS (Servizos de extinción de incendios e salvamento). Normativa aplicable. A conducción de vehículos de emerxencia. Prioridades de paso.
- Tema 28. O concepto de tren de saída: Tipos. Vehículos: Tipos e características. Equipos de protección persoal: características. Normativa. Seguridade na intervención.
- Tema 29. Código técnico de edificación. Disposicións xerais. Condicións técnicas e administrativas. Esixencias básicas.
- Tema 30. Código técnico de edificación. Esixencias básicas de seguridade en caso de incendios (S.I.)
- Tema 31. Comportamentos das estruturas e elementos construtivos ante lo lume: Clasificación dos materiais e elementos de obra pola súa resistencia ao lume. Comportamento dos mesmos. Comportamento das estruturas fronte ao lume. Grados de illamento e protección das estruturas nos seus diversos elementos.
- Tema 32. Propiedades físico-químicas da materia. Estado da materia. Punto de fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión do calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.
- Tema 33. Gases liquidados do petróleo: butano e propano. Características físico-químicas. Formas correctoras. Medios de protección mais comúns empregados: tipos e compoñentes. Instalacións de gases en edificios.
- Tema 34. Avaliación do risco químico nos casos de emerxencia. Análise da gravidade da emerxencia. Tipos de emerxencia segundo o produto involucrado. Información preliminar. Toma de datos no lugar da emerxencia. Medios a utilizar e eliminación de residuos.
- Tema 35. Produtos químicos perigosos. Clasificación: Gases. Características xerais . Propiedades mais comúns . Tipos de gases: Clasificación e características; Líquidos inflamables, características xerais. Propiedades mais comúns; Tóxicos e corrosivos: características xerais. Propiedades mais comúns; Comburentes e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- oxidantes: Características xerais. Propiedades mais comúns; Radioactivos. Características. Propiedades mais comúns.
- Tema 36. Transporte de produtos químicos. Sinalización dos vehículos e contedores que transportan mercadorías perigosas. Panel laranxa e etiquetas (segundo regulamentos TPF, TPC e ADR). Actuacións no caso de accidentes. Protocolos de intervención.
- Tema 37. Apeos e apontoamentos. Elementos que o compoñen. Causas que os provocan. Tipos segundo o elementos estrutural. Precaucións e medidas de seguridade.
- Tema 38. Explosións Bleve. Definición. Condicións nas que se produce. Consecuencias previsibles no caso de explosión . Principais produtos perigosos. Medias preventivas. Definición dos fenómenos Frothover. Boilover e Slopover.
- Tema 39. Organización e funcionamento dos Parques de Bombeiros. Obxectivo e fins. Ámbito territorial. Estudo de funcións; Avaliación e control de riscos, loita contra sinistros.
- Tema 40. O mando. Características do mando. Funcións fundamentais. As responsabilidades e delegacións. A motivación e tipos de motivación. Distribución e organización dos servizos.

ANEXO I-PERFIL PSICOLÓXICO PARA O EXAME PSICOTÉCNICO

Tendo en conta as funcións que debe realizar o servizo de Extinción de Incendios, os test irán dirixidos a excluír ás persoas aspirantes con anomalías respecto ao perfil psicolóxico que debe reunir o persoal do servizo, e que se traduce nas seguintes:

Aptitudes mentais:

- Razoamento verbal
- Razoamento abstracto
- Razoamento mecánico
- Razoamento espacial
- Atención e resistencia a fatiga
- Intelixencia xeral

Personalidade

- Autocontrol dos impulsos e emocións
- Serenidad
- Estabilidade emocional
- Sentido da disciplina e da autoridade
- Desenvolvemento de condutas cooperativas
- Capacidade de integración no grupo
- Capacidade empática e de manexo da relación interpersonal
- Capacidade a automotivación
- Seguridade en si mesmo.-Firmeza persoal
- Capacidade práctica e realista
- Sentido da iniciativa
- Neutralidade efectiva no exercicio profesional

Características do test actitudinal: Para a avaliación das probas actitudinales son factores preferentes a ter en conta, de acordo co orde de importancia que se expresa a continuación:

1.- Autocontrol. 2.- Serenidade. 3.-Estabilidade emocional. 4.-Capacidade empática e manexo das relacións interpersoais. 5.- Sentido da disciplina e autoridade.6.-

Desenvolvemento de condutas corporativas e capacidade de integración. 7.- Seguridade e firmeza persoal. 8.-Sentido da iniciativa. 9.- Neutralidade profesional. 10.- Calquera outros de análoga significación aos anteriormente referidos.

A calificación desta proba será de apta ou non apta, debendo superar como mínimo a aspirante, no caso dos factores aptitudinais 4 dos 6 factores a medir, debendo superar en todos os casos o factor de intelixencia xeral.

O órgano de selección co apoio e asistencia obrigatoria de persoas asesoras especializadas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica), fixará uns criterios mínimos antes da realización dos exercicios tanto intelectuais como de personalidade que de non ser alcanzados excluírán á persoa aspirante, debendo figurar os mesmos na correspondente acta, así como o correspondente informe do especialista indicado.

2.- BOMBEIRA/O

I.- Número de prazas: 23 (quenda libre)

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, bombeira/o. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de bombeira/o.

Figurarán incluídas no réxime de dedicación exclusiva.

III.- Sistema de selección.

Quenda libre: Establécese o de concurso-oposición libre, de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

IV.- Condicións das/os aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista nas bases xerais.

Deberán presentar perante o órgano de selección, na data de realización do segundo exercicio (probos físicos), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas provistas do seu DNI, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo e 70 como máximo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Probas de aptitude física. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas :

2º.1.1 .-Subir e baixar a pulso unha corda lisa de seis metros (cinco metros para as mulleres), sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Un só intento.

Tras un descanso de 30 segundos o/a aspirante deberá pasar unha escaleira horizontal en altura de barrote en barrote collendo cada un cunha soa man e sen soltarse realizar un mínimo de flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, segundo baremo, brazos totalmente estendidos, en posición agarre prono (palmas das mans mirando hacia abaixo) e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións. Un só intento.

Material: unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Posición inicial.- Suspendido da barra coas palmas da man cara adiante. Brazos e pernas estendidas. Os pés sen tocar o chan.

Execución.- Levantar o corpo cos brazos até que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de sé-lo máis uniforme posible. O queixo non pode toca-la barra e debe supera-la mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

Material: estada normalizada, corda de seguridade, táboa de 500 x 20 x 7cm (longo, ancho, espesor) e E.P.I. (Equipo de Protección Individual) para traballo vertical.

Desenvolvemento:

- Posición inicial : o executante partirá do segundo piso da torre de manobras (altura aproximada entre 7m e 10 m) cando se lle ordene.
- Desenvolvemento: desprazarase pola táboa , transportando un balón medicinal de cinco (5) kg de peso, ida e volta.
- Remate: ao completar o percorrido de ida e volta.

Normas:

- O desprazamento farase en bipedestación e sempre cara diante.
- Ao final da táboa traspasarase unha marca situada no mesmo e fase un xiro de cento oitenta (180) grados sen tocar con ningunha parte do corpo a estada de suxeición.
- Non poderá suxeitarse en ningún momento a liña de vida de seguridade á que irá fixado.
- Non poderá soltar o balón medicinal en ningún momento do desenvolvemento da proba.

Valoración da proba: medirase como apto e non apto, dispoñendo de dous intentos.

2º.1.3.- Espazo confinado:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material: E.P.I. de intervención nivel 1.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Desenvolvemento: O executante fará un recorrido nun espazo confinado de entre 30 e 40 m³ sen visibilidade, no que deberá entrar, localizar unha vítima/boneco, den entre 40 e 60 Kg, e trasladalo fora.

Normas:

O executante entrará ao labirinto por unha porta de acceso e deberá saír por outra distinta, de saída.

Non poderá desprenderse durante toda a execución da proba, de ningún dos elementos que configuran o EPI.

Deberá executar as accións que no seu caso propoña o tribunal, que serán as mesmas para todos/as os/as aspirantes.

2º.1.4.- Proba: 400 m lisos.

Obxectivo: medir a resistencia anaeróbica láctica.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Execución.- Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno, asignándose unha rúa a cada participante, sendo as voces de mando a utilizar dúas: 1. "Aos seus postos". A esta voz as persoas aspirantes deberán ocupar a súa posición detrás da liña de saída da súa respectiva rúa. A posición de saída será a seguinte: deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a persoa xuíz comprobe que todos os participantes están na posición axeitada. Se un/unha participante se move antes da detonación considerárase a saída falsa, dando a persoa xuíz de saída o disparo definitivo só cando comprobe que todos os participantes adoptaron a posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco. É nulo se a persoa aspirante interfere na carreira doutro. Á persoa interferida permíteselle un intento máis e anotarase o mellor tempo.

2º.1.5.- Proba: Denominación: Velocidade 10x5 metros.

Obxectivo: medir a velocidade de desprazamento e a axilidade.

Lugar/terreo: Instalación cuberta. Superficie plana que non esvarre, con dúas liñas paralelas con cinco (5) metros de distancia entre elas.

Material preciso: tres (3) persoas xuízas cronometradoras profesionais por persoa executante, eliminándose a peor e a mellor marca.

Descrición:

- Posición inicial: a voz de “aos seus postos” as persoas executantes colocaranse detrás da liña de saída. Á voz de “listas” adoptarán unha posición estable de saída.
- Desenvolvemento: o sinal de “xa” correrá a máxima velocidade ata pisar a liña contraria, e repetirá isto ata pisar cinco (5) veces cada unha das liñas.
- Remate: ao pasar no último ciclo a liña de saída, e pisar inmediatamente despois da liña.

Normas:

- Débese pisar cada liña, en caso de no pisar unha liña cualificarase o exercicio como non apto.
- No último ciclo, o final do exercicio será efectivo ao pisar o chan despois da liña de saída.

Valoración da proba: medírase en segundos e décimas de segundo e puntuarase segundo baremo. Haberá dous intentos por persoa participante, pasando todas elas nunha primeira ronda e despois pasarán á segunda as que no realizasen a máxima puntuación ou vesen un primeiro intento cualificado como non apto.

2º.1.6.- Proba: Carreira 2000 m:

Obxectivo.- Medir a resistencia aeróbica.

Material.- Instalación de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Descrición.- Estableceranse as tandas que o órgano de selección estime oportuno. As persoas aspirantes situaranse por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de “Aos seus postos”, neste intre deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a xuíz comprobe que todas as persoas participantes están na posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

2º.1.7.- Proba natación 100 m.

Material.- Piscina municipal, cronometraxe manual ou eléctrica conforme á normativa da Federación Galega de Natación.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de Selección contará co asesoramento de profesionais cronometradoras oficiais da Federación Galega de Natación.

Descrición: A aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 100 m. en piscina. Á voz de “xa” comezará a proba que finalizará no momento no que o executante toque a parede da piscina do lugar de saída.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Normas: durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en bañador, gorro e lentes, únicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar. Un só intento.

MARCAS E PUNTUACIÓNS (HOMES/MULLERES)

	combinada	
	H	M
1		
2		
3		
4		
5	11	6
6	12	7
7	13	8
8	15	9
9	17	11
10	19	13

	400	
	H	M
1	1'03"	1'07"5
2	1'02"	1'07"
3	59"6	1'06"5
4	58"8	1'06"
5	58"2	1'05"5
6	57"5	1'05"
7	57"	1'04"
8	56"5	1'03"5
9	56"	1'03"
10	55"5	1'02"5

10x5		
	H	M
1	21'31	24"17
2	20"80	23"16
3	19"30	22"15
4	18"79	21"15
5	17"29	20"64
6	16"78	20"14
7	16"48	19"13
8	16"18	18"63
9	15"88	18"13
10	15"08	17"62

2000		
	H	M
1	8'19"9	11'22"3
2	8'00"4	10'58"8
3	7'48"4	10'35"2
4	7'32"6	10'11"7
5	7'22"1	10'
6	7'16"8	9'42"3
7	7'11"5	9'24"7
8	7'06"8	9'12"9
9	6'55"8	8'49"4
10	6'50"52	8'37"6

natación		
	H	M
1	1'30"8	1'36"00
2	1'29"8	1'35"00
3	1'28"8	1'33"00



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

4	1'27"8	1'32"00
5	1'26"8	1'31"00
6	1'25"4	1'30"00
7	1'24"4	1'29"00
8	1'23"4	1'28"00
9	1'22"4	1'27"00
10	1'19"00	1'25"00

2º.2 Execución, puntuación e outras normas.

2º.2.1 As probas realizaranse en 3 días, preferentemente consecutivos podendo habilitarse a tal efecto os sábados, domingos e festivos cando o estado de execución do procedemento selectivo así o aconselle.

O primeiro día realizaranse as probas de corda e escaleira, a de velocidade e axilidade (10*5) e a de 400 metros.

O segundo día realizarase a proba dos 2.000 metros.

O terceiro día realizaranse as probas de equilibrio en altura, natación, desenvolvemento en espazo confinado.

Corresponde ao órgano de selección, respecto das probas a realizar o primeiro e terceiro días, a concreta orde de realización das mesmas debendo ditar e publicar a correspondente resolución con cando menos dous días de antelación.

Asimesmo, corresponde ao órgano de selección resolver calquera outras incidencias derivadas da aplicación das normas anteriores.

2º.2.2 Na proba combinada de corda e escaleira, a non superación da primeira (corda) determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento selectivo. Esa mesma consecuencia resultará aplicable no caso de non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira.

No resto das probas suxeitas a baremo de puntuación, quedará excluído do procedemento selectivo os/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima (1 punto) nos respectivos casos.

A puntuación máxima alcanzable entre quen superen todas as probas de aptitude física é de 10 puntos, resultantes da media das cinco (5) probas puntuables, debendo as persoas aspirantes obter como mínimo cinco (5) puntos para resultar aptos e poder continuar no procedemento selectivo.

2º.2.3 Na sesión constitutiva, ou en todo caso antes da realización das probas de aptitude física o órgano de selección determinará os controis que proceda realizar sobre as persoas aspirantes en orde a comprobar a inexistencia da presenza no organismo de sustancias prohibidas favorecedoras dunha vantaxe competitiva contraria aos principios igualdade, mérito e capacidade, segundo as normas do Consello Superior de Deportes dependente da Administración Xeral do Estado.

2º.2.4 A concorrencia de público á realización das probas queda suxeita ás normas aplicables ás instalacións en que estas teñan lugar.

En todo caso, a presenza de público non permitirá a realización de manifestacións de ánimo, ou aprobación ou desaprobación respecto da actuación das persoas aspirantes ou do órgano de selección, nin se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e a propia imaxe dos intervenientes.

A Presidencia do órgano de selección, asistida pola Secretaría do mesmo, advertirá antes de comenzo das probas do citado requisito ao público presente e no caso de contravención ordenará a expulsión do mesmo co concurso no seu caso das forzas e corpos de seguridade presentes ou reclamadas a tal fin.

2º.2.5 Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas previstas de roupa deportiva.

VII.- Fase de concurso

- De conformidade co disposto no art. 20.1 da Lei 8/2006 de tropa e marinería, en relación co disposto no RD 1097/2011 polo que se aproba o Protocolo de Intervención da Unidade Militar de Emerxencias, todos en relación co disposto no art. 61 da Lei do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/15) e no art. 56 da Lei 2/15 de emprego público de Galicia, o tempo de servizos efectivamente prestados nas Forzas Armadas como militar profesional de tropa e marinería da Unidade Militar de Emerxencias. Igualmente o tempo de servizos efectivamente prestados en Bombeiros Forestais, Consorcios, aeroportuarios, e, en xeral, de calquera outra administración na que se preste servizos análogos aos de prevención, extinción de incendios e salvamento (SPEIS). A tal efecto esta analoxía deberá acreditarse a través de certificación expedida pola administración competente na que conste dita equivalencia. Será considerado como mérito correspondendo por cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos.

-Ademáis, en función do emprego acadado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarase a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1 punto; 3. Cabo Maior: 1,5 puntos ; 4. Sarxenta/o: 2 puntos.

Aos efectos desta puntuación de emprego unicamente terase en conta o emprego máximo acadado, non considerándose aqueles ostentados para a consecución daquel.

-Posuír o curso Básico de Protección Civil, que puntuarase con 2 puntos.

- As puntuacións incorporaranse á suma final da obtida durante a fase de oposición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 50 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no segundo exercicio (probas de aptitude física) representarán o 40 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida na fase de concurso representará o 10 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

Así, no caso de obter 7,80 puntos no primeiro exercicio, 8,20 puntos no segundo exercicio e 8 puntos na fase de concurso, resultaría :

$$(7,8*0,50)+(8,20*0,40)+(8*0,10)=7,98 \text{ puntos sobre un total de 10 posibles.}$$

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

IX.- Curso selectivo.

Para acceder á condición de persoal funcionario de carreira as persoas aspirantes que tendo superado o procedemento selectivo resulten nomeadas funcionarias en prácticas deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos deducidas do disposto:

- 3.1 Na Lei orgánica 5/2002, das Cualificacións e da Formación profesional.
- 3.2 No Real Decreto 1128/03 polo que establécese o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- 3.3 No Real Decreto 34/08 polo que regulan os certificados de profesionalidade.
- 3.4 Polo Real Decreto 624/13 (Anexos I e II).

Normas todas elas que garanten unha competencia profesional plenamente axeitada ás esixencias dos postos convocados.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, e percibirá as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, e deberán superar o curso teórico-práctico antes do seu nomeamento definitivo como funcionario/a de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incorrer en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.
- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.

- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, se comprobe a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non superar a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas, sempre que resultando xustificadas non se recuperen na forma establecida pola comisión de avaliación que se regula a continuación.

A Concellería competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un/unha suboficial ou un/unha cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dous/dúas funcionarios/as de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou funcionario de carreira da Administración do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por función avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

X.- Programa específico

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Parte Xeral

- Tema 1. A Constitución Española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. O Tribunal Constitucional. O Defensor do Pobo.
- Tema 2. O municipio. Organización Municipal. Competencias do municipio
- Tema 3. Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario. Situacións administrativas.
- Tema 4. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Parte específica



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- Tema 5.- Cambios de estado da materia: fases e estado da materia. Punto fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión de calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.
- Tema 6.- Concepto de combustión. Enerxía de activación. Velocidade de propagación. Termodinámica.
- Tema 7.- Hidráulica básica. Propiedades dos Fluídos. Presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. Leis fundamentais da hidrostática. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perda de carga. Golpe de ariete. Bombas máis usada no servizo de bombeiros. Normativa e material relacionada.
- Tema 8.- Extinción de incendios no interior de edificios. Consideracións xerais. Riscos no traballo e incendios no interior. Incendios limitados polo combustible e pola ventilación. Influencia do combustible e do recinto. Tácticas de intervención, xeneralidades. Técnicas de mergullo en fume, xeneralidades. Ventilación aplicada á loita contra o lume e consideracións que afectan á decisión de ventilar. Técnicas de ventilación, xeneralidades. Material e normativa relacionada coa extinción de incendios no interior.
- Tema 9.- Extinción incendios na industria. Características principais. Técnicas de extinción, xeneralidades. Regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais.
- Tema 10.- Extinción de incendios forestais. Características principais. Causas. Fases da combustión. Propagación do incendio forestal. Os combustibles forestais. Clases de lumes forestais. Factores do comportamento do lume. Desenvolvemento da extinción. Análise da situación e plan de ataque. Liñas de defensa. Seguridade do persoal. Precaucións xerais. Material e normativa relacionada.
- Tema 11.- Materias perigosas: Tipos de materia perigosa: explosivas, inflamables, combustibles, tóxicas, radioactivas, corrosivas. Clasificación das materias. Códigos de identificación. Códigos de perigo.
- Tema 12.- Equipos de excarceración: diferentes tipos de ferramenta.
- Tema 13.- Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable".
- Tema 14.- Elementos estruturais dun edificio.
- Tema 15.- Código Técnico da Edificación: Documento Básico de Seguridade contra incendios. Apeos e apuntamentos: definicións e características, tipos, lesións, máis frecuentes nos edificios, ferramentas e materiais máis empregados, organización dos traballos. Derrubes na edificación.

Tema 16.- Equipos de protección persoal: Protección respiratoria para bombeiros, riscos respiratorios para os bombeiros, tipos e compoñentes dos equipos de protección respiratoria normativa. Vestimenta: casco, capuz protector, chaquetón e cubrepantalón, botas, luvas, equipos especiais para protección do bombeiro, niveis de protección, normativa relacionada.

Tema 17.- Vehículos contra incendios e de salvamento. Normativa aplicable. Vehículos contra incendios e de servizos auxiliares. Normativa aplicable. Outros vehículos empregados polo servizo de bombeiros. Normativa aplicable.

Tema 18.- Primeiros auxilios. Atención a feridos: síntomas, tratamento, traslados. Apósitos e vendaxes. Métodos de respiración artificial. Masaxe cardíaca. Transporte de accidentados. Queimaduras. Accidentes con múltiples vítimas, triage. Politraumatizados. Síndrome do aplastamento, efectos, tratamento preventivo, actuación.

Tema 19.- Prevención de riscos no traballo. Normativa aplicable.0

Tema 20.- Sistemas de comunicación de emerxencias. Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas TETRA.

ANEXO I CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____, nº de
colexiado _____,

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con DNI
nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de bombeira/o correspondentes ás OEP 2020, 2021 e 2022 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data _____.

ANEXO II EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1.- Exclusións circunstanciais.

Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de bombeira/o.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Nestes casos o tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde do/a aspirante, ó final do cal o propio tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2.- Exclusións definitivas:

2.1. Olo e visión.

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior ós dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento e retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición:

Agudeza auditiva que supoña unha perda entre 1.000 e 3.000 hertzios a 35 decibelios, ou de 4.000 hertzios a 45 decibelios.

2.3. Outras exclusións:

2.3.1. Aparello locomotor. Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro, ou que poidan agravarse, a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2. Aparello dixestivo. Úlcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non se deberá sobrepasar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular que, a xuízo do tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4. Aparello respiratorio. Asma bronquial, a broncopatía crónica obstrutiva, o neumotorax espontáneo (en máis dunha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.5. Sistema nervioso. Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.6. Pel e faneras. Psoriase, eccema, cicatrices que produzan limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.7. Outros procesos patolóxicos. Diabetes, enfermidades transmisibles en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmunolóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso

patolóxico que a xuízo do tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función de bombeiro.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, a que se refire o apartado 2.3.5., procederase no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.

3.- CONDUTOR/A-BOMBEIRO/A

I.- Número de prazas: 7

II.- Características.

Enmarcadas no Subgrupo C2 de titulación, escala, administración especial; subescala, servizos especiais; clase, extinción de incendios; categoría, condutor/a-bombeiro/a. Estarán dotadas coas retribucións básicas correspondentes o subgrupo C2 de titulación e as complementarias propias do posto de condutor/a-bombeiro/a.

III.- Sistema de selección.

Establécese o de concurso-oposición libre, de conformidade co previsto nas bases xerais e específicas das convocatorias derivadas das ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2020, 2021 e 2022.

Figurarán incluída no réxime de dedicación exclusiva.

IV.- Condicións das/os aspirantes.

Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de graduada en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en posesión do carné de conducir da clase C + E, na data de finalización do prazo regulamentario de presentación de solicitudes.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

Deberán presentar perante o órgano de selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por persoa que teña a condición de médico/a colexiado/a en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO I das Bases).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

A non presentación do referido certificado suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

V.- Identificación das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes comparecerán ás diferentes probas previstas do seu DNI-NIE, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

VI.- Exercicios da oposición.

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 50 preguntas como mínimo e 70 como máximo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas. O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.-Probas de aptitude física. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas:

2º.1.1 .-Subir e baixar a pulso unha corda lisa de seis metros (cinco metros para as mulleres) sen axuda dos pes e sen impulso dende a posición de sentado, subindo sen deixar os pes tocando no chan. Un só intento.

Tras un descanso de 30 segundos o/a aspirante deberá pasar unha escaleira horizontal en altura de barrote en barrote collendo cada un cunha soa man e sen soltarse realizar un mínimo de flexións consecutivas no derradeiro chanzo da escaleira, segundo baremo, brazos totalmente estendidos, en posición agarre prono (coas palmas das mans mirando hacia abaixo), e deberá superar o queixo a barra; non se permite balanceo na realización das flexións. Un só intento.

Material: unha barra fixa/escaleira horizontal, de ximnasia deportiva.

Posición inicial.- Suspendido da barra coas palmas da man cara adiante. Brazos e pernas extendidas. Os pés sen tocar o chan.

Execución.- Levantar o corpo cos brazos ata que o queixo sobrepase a barra. Baixar o corpo ata que os brazos queden completamente estendidos. Pódese repetir o exercicio tantas veces como se poida.

Regras.- A flexión non é un movemento de lategazo, non se poden levantar os xeonllos. Non se permite dar impulso sacudindo as pernas. Non se permite o balanceo do corpo. O movemento de flexo-extensión deberá de se-lo máis uniforme posible. O queixo non pode toca-la barra e debe supera-la mesma. Se unha repetición se realiza con algunha destas anomalías, non se contará.

2º.1.2.- Equilibrio en altura:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.

Material: Estada normalizada, corda de seguridade, táboa grande de 500 x 20 x 7cm e

E.P.I.

(Equipo de Protección Individual) para traballo vertical.

Desenvolvemento:

- Posición inicial: a executante partirá do segundo piso da torre de manobras (altura aproximada entre 7m e 10 m) cando se lle ordene.
- Desenvolvemento: desprazarase pola táboa grande, transportando un balón medicinal de cinco (5) kg de peso, ida e volta.
- Remate: ao completar o percorrido de ida e volta.

Normas:

- O desprazamento farase en bipedestación e sempre cara diante.
- Ao final da táboa grande traspasarase unha marca situada no mesmo e fase un xiro de cento oitenta (180) grados sen tocar con ningunha parte do corpo a estada de suxeición.
- Non poderase suxeitar en ningún momento a liña de vida de seguridade á que irá fixada.
- Non poderá soltarse o balón medicinal en ningún momento do desenvolvemento da proba.

Valoración da proba: medirase como apta e non apta, dispoñendo de dous intentos.

2º.1.3.- Espazo confinado:

Lugar/terreo: Será definido polo tribunal a través da Área de Recursos Humanos do Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Material: E.P.I. de intervención nivel 1.

Desenvolvemento: A executante fará un recorrido nun espazo confinado de entre 30 e 40 m³ sen visibilidade, no que deberá entrar, localizar unha vítima/boneco, den entre 40 e 60 Kg, e trasladalo fora.

Normas:

- A persoa executante entrará ao labirinto por una porta de acceso e deberá saír por outra distinta, de saída.
- Non poderá desprenderse durante toda a execución da proba, de ningún dos elementos que configuran o E.P.I.
-
- Deberá executar as accións que no seu caso propoña o tribunal, que serán as mesmas para todas as aspirantes.

Valoración da proba: valorarase como apta o non apta. Disporase dun so intento. Haberá un tempo máximo de execución de 6 minutos, se a persoa executante non remata o exercicio darase como non apta.

2º.1.4.- Proba: 400 m lisos.

Obxectivo: medir a resistencia anaeróbica láctica.

Material.- Instalacións de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Execución.- Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno, asignándose unha rúa a cada participante, sendo as voces de mando a utilizar dúas: 1. "Aos seus postos". A esta voz as persoas participantes deberán ocupar a súa posición detrás da liña de saída da súa respectiva rúa. A posición de saída será a seguinte: deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a persoa xuíza comprobe que todos os participantes están na posición axeitada. Se unha persoa participante se move antes da detonación considerarase a saída falsa, dando a xuíza de saída o disparo definitivo só cando comprobe que todas as persoas participantes adoptaron a posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco. É nulo se a persoa aspirante interfere na carreira doutra. Á persoa interferida permíteselle un intento máis e anotarase o mellor tempo.

2º.1.5.- Proba: Denominación: Velocidade 10x5 metros.

Obxectivo: *medir a velocidade de desprazamento e a axilidade.*

Lugar/terreo: Instalación cuberta. Superficie plana que non esvarre, con dúas liñas paralelas con cinco (5) metros de distancia entre elas.

Material preciso: tres (3) persoas cronometradoras profesionais por executante, eliminándose a peor e a mellor marca. .

Descrición:

- Posición inicial: a voz de “aos seus postos” as persoas executantes colocaranse detrás da liña de saída. Á voz de “listas” adoptarán unha posición estable de saída.
- Desenvolvemento: a sinal de “xa” correrá a máxima velocidade ata pisar a liña contraria, e repetirá isto ata pisar cinco (5) veces cada unha das liñas.
- Remate: ao pasar no último ciclo a liña de saída, e pisar inmediatamente despois da liña.

Normas:

- Débese pisar cada liña, en caso de no pisar unha liña cualificarase o exercicio como non apto.
- No último ciclo, o final do exercicio será efectivo ao pisar o chan despois da liña de saída.

Valoración da proba: medirase en segundos e décimas de segundo e puntuarase segundo baremo. Haberá dous intentos por participante, pasando todas elas nunha primeira ronda e despois pasarán á segunda as que no realizasen a máxima puntuación ou vesen un primeiro intento cualificado como non apta.

2º.1.6.- Proba: Carreira 2000 m:

Obxectivo.- Medir a resistencia aeróbica.

Material.- Instalación de atletismo e cronometraxe eléctrica.

Descrición.- Estableceranse as tandas que o órgano de selección estime oportuno. As persoas aspirantes situaranse por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de “Aos seus postos”, neste intre deberá situarse detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que a persoa xuíza comprobe que todas as persoas participantes están na posición axeitada.

Regras.- O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando a persoa participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña de meta co seu tronco.

2º.1.7.- Proba natación 100 m.

Material.- Piscina municipal, cronometraxe manual ou eléctrica conforme á normativa da Federación Galega de Natación.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de Selección contará co asesoramento de profesionais cronometradoras oficiais da Federación Galega de Natación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Descrición: A aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 100 m. en piscina. Á voz de “xa” comezará a proba que finalizará no momento no que a persoa executante toque a parede da piscina do lugar de saída.

Normas: durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en bañador, gorro e lentes, unicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar. Un só intento.

MARCAS E PUNTUACIÓNS

	combinada	
	H	M
1		
2		
3		
4		
5	9	5
6	10	6
7	11	7
8	12	8
9	13	9
10	15	10

	400	
	H	M
1	1'03"	1'07"5
2	1'02"	1'07"
3	59"6	1'06"5
4	58"8	1'06"
5	58"2	1'05"5
6	57"5	1'05"
7	57"	1'04"
8	56"5	1'03"5
9	56"	1'03"
10	55"5	1'02"5



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

	10x5	
	H	M
1	21'31	24"17
2	20"80	23"16
3	19"30	22"15
4	18"79	21"15
5	17"29	20"64
6	16"78	20"14
7	16"48	19"13
8	16"18	18"63
9	15"88	18"13
10	15"08	17"62

	2000	
	H	M
1	8'19"9	11'22"3
2	8'00"4	10'58"8
3	7'48"4	10'35"2
4	7'32"6	10'11"7
5	7'22"1	10'
6	7'16"8	9'42"3
7	7'11"5	9'24"7
8	7'06"8	9'12"9
9	6'55"8	8'49"4
10	6'50"52	8'37"6

	natación	
	H	M
1	1'30"8	1'36"00
2	1'29"8	1'35"00
3	1'28"8	1'33"00

4	1'27"8	1'32"00
5	1'26"8	1'31"00
6	1'25"4	1'30"00
7	1'24"4	1'29"00
8	1'23"4	1'28"00
9	1'22"4	1'27"00
10	1'19"00	1'25"00

2º.2 Execución, puntuación e outras normas.

2º.2.1 As probas realizaranse en 3 días, preferentemente consecutivos podendo habilitarse a tal efecto os sábados, domingos e festivos cando o estado de execución do procedemento selectivo así o aconselle.

O primeiro día realizaranse as probas de corda e escaleira, a de velocidade e axilidade (10*5) e a de 400 metros.

O segundo día realizarase a proba dos 2.000 metros.

O terceiro día realizaranse as probas de equilibrio en altura, natación, desenvolvemento en espazo confinado.

Corresponde ao órgano de selección, respecto das probas a realizar o primeiro e terceiro días, a concreta orde de realización das mesmas debendo ditar e publicar a correspondente resolución con cando menos dous días de antelación.

Corresponde asimismo ao órgano de selección resolver cantas incidencias se presenten en relación coa aplicación das normas anteriores.

2º.2.2 Na proba combinada de corda e escaleira, a non superación da primeira (corda) determinará a exclusión da persoa aspirante do procedemento selectivo. Esa mesma consecuencia resultará aplicable no caso de non acadar a puntuación mínima de 5 puntos na realización do exercicio da escaleira.

No resto das probas suxeitas a baremo de puntuación, quedará excluída do procedemento selectivo a persoa aspirante que non acade a puntuación mínima (1 punto) nos respectivos casos.

A puntuación máxima alcanzable entre quen superen todas as probas de aptitude física é de 10 puntos, resultantes da media das cinco (5) probas puntuables, debendo as aspirantes obter como mínimo cinco (5) puntos para resultar aptas e poder continuar no proceso selectivo.

2º.2.3 Na sesión constitutiva, ou en todo caso antes da realización das probas de aptitude física o órgano de selección determinará os controis que proceda realizar sobre as aspirantes



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

en orde a comprobar a inexistencia da presenza no organismo de sustancias prohibidas favorecedoras dunha ventaxa competitiva contraria aos principios igualdade, mérito e capacidade, segundo as normas do Consello Superior de Deportes dependente da Administración Xeral do Estado.

2º.2.4 A concorrencia de público á realización das probas queda suxeita ás normas aplicables ás instalacións en que estas teñan lugar.

En todo caso, a presenza de público non permitirá a realización de manifestacións de ánimo, ou aprobación ou desaprobación respecto da actuación dos aspirantes ou do órgano de selección, nin se permitirá a súa gravación por medio audiovisual algún ao poder afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal e a propia imaxe das persoas intervintes.

A Presidencia do órgano de selección, asistida pola Secretaría do mesmo, advertirá antes de comenzo das probas do citado requisito ao público presente e no caso de contravención ordenará a expulsión do mesmo co concurso no seu caso das forzas e corpos de seguridade presentes ou reclamadas a tal fin.

2º.2.5 Todas as persoas aspirantes deberán presentarse ás probas físicas provistas de roupa deportiva.

Terceiro exercicio.- Recoñecemento médico, no centro que se lle indique. Certificarase que o aspirante non está incurso en ningunha das exclusións médicas recollidas no cadro que figura como Anexo II desta convocatoria, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A toma de mostras farase inmediatamente despois da realización das probas físicas, aínda que o órgano de selección resérvase a posibilidade de convocar ás persoas aspirantes que considere oportuno para a realización de probas de control de dopaxe en calquera momento da realización do primeiro exercicio. A resistencia ou negativa expresa por parte da persoa aspirante a realizar dita proba, ou a súa non presentación a realización da mesma no lugar e tempo no que sexa convocada, de forma non xustificada validamente, suporá a exclusión inmediata do proceso selectivo.

Cuarto exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

A única proba será o circuíto de percorrido aberto que se calificará como apta ou non apta. Este percorrido será proposto polo tribunal e terá un tempo superior a 50 minutos. Proba onde se valorará a eficiencia, soltura e seguridade que debe amosar a persoa condutora sobre o manexo do vehículo polo circuíto proposto polo órgano de selección.

Para a realización deste exercicio deberán comparecer provistas do permiso de condución esixido. O órgano de selección declarará excluída do proceso selectivo á persoa aspirante que non cumpra os requisitos esixidos nestas bases, respecto do dito permiso.

Para a valoración deste exercicio o Órgano de selección contará co asesoramento de persoal técnico da Dirección Xeral de Tráfico.

Quinto exercicio.- Coñecemento da lingua galega. Obrigatorio e non eliminatorio.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase como apta/ non apta.

A persoa aspirante que non obtivese a calificación de apta nesta proba e superando o proceso selectivo obteña praza, deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o disposto na orde 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Sexto exercicio.- Probas psicotécnicas, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As probas psicotécnicas estarán destinadas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes, así como a súa adecuación ás funcións que se van a desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico axeitado. Estas probas deberán obrigatoriamente efectuarse e valorarse por especialistas (con titulación universitaria superior que acredite a especialidade académica en psicoloxía clínica) e cualificaranse como apta ou non apta. O órgano de selección deberá utilizar os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na súa realización.

As probas psicotécnicas constarán das seguintes probas:

1. Proba de intelixencia: destinada a medir a capacidade intelectual e psicomotriz das persoas aspirantes, no marco da mesma realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes:

- intelixencia xeral,
- comprensión e fluidez verbal,
- comprensión de ordes,
- razoamento cognitivo,
- atención discriminativa,
- resistencia á fatiga intelectual.

2. Probas de personalidade: destinadas a medir os aspectos afectivos e volitivos que permitan unha apreciación global da personalidade das persoas aspirantes. Orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño das funcións a realizar, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes, descartándose, asimesmo, a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse necesariamente os aspectos que a continuación se relacionan:

- estabilidade emocional,
- autoconfianza,
- capacidade empática e interese polos demais,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- habilidades interpersoais,
- control axeitado da impulsividade,
- axuste persoal e social,
- capacidade de adaptación a normas,
- capacidade de afrontamento do estrés,
- motivación polo traballo a desempeñar.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico das persoas candidatas.

Deste modo, adicionalmente ás características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais, os seguintes aspectos:

- existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo;
- problemas de saúde;
- consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación.

3. Proba de clima laboral: realizarase unha valoración da comprensión realista do ambiente social dos grupos de traballo. Elaborarase un perfil das dimensións de relacións persoais, autorrealización e estabilidade emocional das persoas aspirantes.

VII.- Fase de concurso.

- De conformidade co disposto no art. 20.1 da Lei 8/2006 de tropa e marinería, en relación co disposto no RD 1097/2011 polo que se aproba o Protocolo de Intervención da Unidade Militar de Emerxencias, todos en relación co disposto no art. 61 da Lei do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (RDL 5/15) e no art. 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os tempo de servizos efectivamente prestados nas Forzas Armadas como militar profesional de tropa e marinería da Unidade Militar de Emerxencias. Igualmente o tempo de servizos efectivamente prestados en Bombeiros Forestais, Consorcios, aeroportuarios, e, en xeral, de calquera outra administración na que se preste servizos análogos aos de prevención, extinción de incendios e salvamento (SPEIS). A tal efecto esta analogía deberá acreditarse a través de certificación expedida pola administración competente na que conste dita equivalencia. Será considerado como mérito correspondendo por cada ano completo de servizo prestado 1,6 puntos, ata un máximo de 6 puntos.

-Ademáis, en función do emprego alcanzado como militar profesional de tropa ou marinería na Unidade Militar de Emerxencias, asignarase a seguinte puntuación: 1. Cabo: 0,5 puntos; 2. Cabo 1.º 1 punto; 3. Cabo Mayor: 1,5 puntos ; 4. Sargenta/o: 2 puntos.

Aos efectos desta puntuación de emprego unicamente terase en conta o emprego máximo alcanzado, non considerándose aqueles ostentados para a consecución daquel.

-Posuír o curso Básico de Protección Civil, que puntuarase con 2 puntos.

-As puntuacións incorporaranse á suma final da obtida durante a fase de oposición.

VIII.- Orde de prelación das persoas aspirantes. Distribución da puntuación sobre a base 10.

A puntuación obtida no primeiro exercicio representará o 30 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no segundo exercicio (aptitude física) representarán o 20 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida no cuarto exercicio (condución) representarán o 40 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

A puntuación obtida na fase de concurso representará o 10 por cento da puntuación máxima alcanzable para todas as probas sobre a base de 10 puntos.

Así, no caso de obter 7,80 puntos no primeiro exercicio, 9 puntos no segundo exercicio, 6,20 puntos no terceiro exercicio e 9 puntos na fase de concurso, resultaría :

$$(7,8*0,30)+(9*0,20)+(6,20*0,40)+(9*0,10) = 7,52 \text{ puntos sobre un total de 10 posibles.}$$

A relación de persoas aprobadas por orde de puntuación farase de conformidade coa base 10ª das xerais.

IX.- Curso selectivo.

Para acceder á condición de funcionarios de carreira os aspirantes que tendo superado o procedemento selectivo resulten nomeados funcionarios en prácticas deberán superar un curso selectivo aprobado pola Xunta de Goberno Local, de contido teórico-práctico cun mínimo de 253 horas lectivas sobre as materias e demais esixencias propias dos citados postos deducidas do disposto:

3.5 Na Lei orgánica 5/2002 das Cualificacións e da Formación Profesional.

3.6 No Real Decreto 1128/03 polo que establécese o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3.7 No Real Decreto 34/08 polo que regulan os certificados de profesionalidade.

3.8 Polo Real Decreto 624/13 (Anexos I e II).

Normas todas elas que garanten unha competencia profesional plenamente axeitada ás esixencias dos postos convocados.

De conformidade co previsto na base 14ª das xerais, a persoa aspirante aprobada, unha vez achegada toda a documentación esixida, será nomeada funcionaria en prácticas, percibirá as retribucións que legalmente correspondan á dita situación, e deberán superar o curso teórico-práctico antes do seu nomeamento definitivo como funcionaria de carreira.

Serán causas que impidan a superación do curso as seguintes:

- Incorrer en tres faltas consecutivas ou cinco alternas de asistencia sen causa xustificada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

- A notoria e constante falta de puntualidade no cumprimento do horario de entrada e saída.
- Que nas revisións médicas que se lle poidan practicar en calquera momento durante o curso, compróbase a aparición dalgunha das causas de exclusión que figuran no Anexo II.
- Non supera a metade da puntuación total establecida para o curso, que será como máximo de 10 puntos.
- Faltar ao curso máis dun terzo das xornadas lectivas, sempre que resultando xustificadas non se recuperen na forma establecida pola comisión de avaliación que se regula a continuación.

A Cancellaría competente en materia de persoal, previa proposta técnica designará unha Comisión de Avaliación, integrada por:

Presidencia: un/unha funcionario/a do grupo A, subgrupos A1 ou A2 de titulación do Concello de Vigo.

Secretaría: Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría ou un/unha técnico/a de Administración xeral (rama xurídica), subgrupo A1.

Vogais: A xefatura do Servizo de Extinción de Incendios ou suboficial, un suboficial ou un cabo do Servizo de Extinción de Incendios.

Dous/dúas funcionarios/as de carreira da Área de Seguridade e Mobilidade do Concello de Vigo, incluídos no Subgrupo A1 ou A2 de titulación ou funcionario de carreira da Administración do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais do subgrupo A1 ou A2 de titulación, que pertenza ao ámbito de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento.

A Comisión terá por misión avaliar o curso selectivo descrito, considerando os informes de avaliación emitidos polas docentes, podendo efectuar calquera actuación complementaria necesaria para efectuar a proposta final. En todo caso, os criterios obxectivos e a motivación da decisión deberá quedar incorporada ás actas correspondentes.

X.- Programa específico.

(EXCLÚESE O COMÚN PARA PRAZAS DO SUBGRUPO C2, QUE FIGURA COMO ANEXO ÁS BASES XERAIS)

Parte xeral.

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais dos españois. A igualdade de xénero. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. O Tribunal Constitucional. O Defensor do Pobo.

Tema 2. O Municipio. Organización municipal. Competencias do municipio.

Tema 3. Dereitos e deberes dos funcionarios. Réxime de incompatibilidades. Réxime disciplinario. Situacións administrativas.

Tema 4. Estatuto de Autonomía de Galicia.

Parte específica

Tema 5.- Cambios de estado da materia: fases e estado da materia. Punto fusión. Presión de vapor e punto de ebulición. Calor específico e calor latente. Densidade e viscosidade. Solubilidade. Condutividade eléctrica. Coeficiente de transmisión de calor. Acidez e basicidade. Inflamabilidade.

Tema 6.- Aparatos extintores de incendios. Fixos e portátiles, definición, clasificación e identificación. Mantemento e normativa aplicable".

Tema 7.- Hidráulica básica. Propiedades dos Flúidos. Presión. Presión atmosférica. Unidades de presión. Aparatos de medida. Leis fundamentais da hidrostática. Leis fundamentais da hidrodinámica. Perda de carga. Golpe de ariete. Bombas máis usada no servizo de bombeiros. Normativa e material relacionada.

Tema 8.- Materias perigosas: Tipos de materia perigosa: explosivas, inflamables, comburentes, tóxicas, radioactivas, corrosivas. Clasificación das materias. Códigos de identificación. Códigos de perigo.

Tema 9.- Vehículos contra incendios e de salvamento. Normativa aplicable. Vehículos contra incendios e de servizos auxiliares. Normativa aplicable. Outros vehículos empregados polo servizo de bombeiros. Normativa aplicable.

Tema 10.- Primeiros auxilios. Atención a feridos: síntomas, tratamento, traslados. Apósitos e vendaxes. Métodos de respiración artificial. Masaxe cardíaca. Transporte de accidentados. Queimaduras. Accidentes con múltiples vítimas. Triage. Politraumatizados. Síndrome do aplastamento, efectos, tratamento preventivo, actuación.

Tema 11.- Definición e clases de electricidade. Efectos sobre o ser humano. As intervencións sinistros con riscos eléctricos.

Tema 12.- Bombas centrífugas: características compoñentes, normativa e funcionamento.

Tema 13.- O motor diésel e o motor gasolina. Sistema de alimentación gasolina e diesel. Novas normas de propulsión nos vehículos: híbridos, eléctricos, gases licuados do petróleo e hidróxeno.

Tema 14.- Chasis, carrozaría e suspensións.

Tema 15.- Sistema de dirección e freado dos vehículos.

Tema 16.- Sistemas eléctricos dos vehículos.

Tema 17.- Sistema de transmisión dos vehículos: embrague, caixa de cambios, diferencial e palieres.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

Tema 18.- Sistemas de comunicación en emerxencias. Organización e características. Sistemas PMR: configuración e vantaxes fronte a outros sistemas de acceso público. Sistemas TETRA.

Tema 19.- Prevención de riscos no traballo. Normativa aplicable.

Tema 20.- Coñecemento do concello de Vigo: rúas e prazas principais. Emprazamento de edificios singulares e polígonos industriais. Situación de colexios, garderías, centros de saúde, hospitais, centros de maiores e outros lugares de interese.

ANEXO I CONTIDO CERTIFICADO MÉDICO

D. _____, nº de
colexiado _____,

CERTIFICO que,

Don/Dona _____ con
DNI _____

nº _____, non padece nin enfermidade nin limitación física que impida a realización das probas físicas esixidas para o acceso para ás prazas de conductor/a- bombeiro/a. correspondentes ás OEP 2020-2021-2022 do Concello de Vigo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de data _____.

ANEXO II EXCLUSIÓNS MÉDICAS

1.- Exclusións circunstanciais.

Enfermidades ou lesións agudas activas no momento do recoñecemento que poidan producir secuelas capaces de dificultar ou impedir o desempeño das súas funcións de conductor/a-bombeiro/a.

Nestes casos o tribunal médico poderá fixar un novo prazo para comprobar o estado de saúde da aspirante, ó final do cal o propio tribunal certificará se desapareceron os motivos da exclusión circunstancial.

2.- Exclusións definitivas:

2.1. Ollo e visión.

2.1.1. Agudeza visual sen corrección inferior ós dous terzos da visión normal en ambos os dous ollos.

2.1.2. Queratotomía radial.

2.1.3. Desprendemento e retina.

2.1.4. Estrabismo.

2.1.5. Hemianopsias.

2.1.6. Discromatopsias.

2.1.7. Calquera outro proceso patolóxico que, a xuízo do tribunal médico, dificulte de maneira importante a agudeza visual.

2.2. Oído e audición:

Agudeza auditiva que supoña unha perda entre 1.000 e 3.000 hertzios a 35 decibelios, ou de 4.000 hertzios a 45 decibelios.

2.3. Outras exclusións:

2.3.1. Aparello locomotor. Alteracións do aparello locomotor que limiten ou dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro, ou que poidan agravarse, a xuízo do tribunal médico, co desempeño do posto de traballo. (Patoloxía ósea de extremidades, retraccións ou limitacións funcionais de causa muscular ou articular, defectos de columna vertebral e outros procesos óseos, musculares e articulares).

2.3.2. Aparello dixestivo. Úlcera gastro-duodenal e calquera outro proceso dixestivo que, a xuízo do tribunal médico, dificulte o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.3. Aparello cardiovascular. Hipertensión arterial de calquera causa, non se deberá sobrepasar as cifras en repouso de 145mm/hg en presión sistólica, e 90 mm/hg en presión diastólica; varices ou insuficiencia venosa periférica, así como, calquera outra patoloxía ou lesión cardiovascular que, a xuízo do tribunal médico, poida limitar o desenvolvemento do posto de traballo.

2.3.4. Aparello respiratorio. Asma bronquial, a broncopatía crónica obstrutiva, o neumotorax espontáneo (en máis dunha ocasión), a tuberculose pulmonar activa e outros procesos do aparello respiratorio que dificulten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.5. Sistema nervioso. Epilepsia, depresión, xaquecas, tremor de calquera causa, alcoholismo, toxicomanías e outros procesos patolóxicos que dificulten o desenvolvemento da función de bombeira/o.

2.3.6. Pel e faneras. Psoriase, eccema, cicatrices que produzan limitación funcional e outros procesos patolóxicos que dificulten ou limiten o desenvolvemento da función de bombeiro.

2.3.7. Outros procesos patolóxicos. Diabetes, enfermidades transmisibles en actividade, enfermidade de transmisión sexual, enfermidades inmunolóxicas sistémicas, intoxicacións crónicas, hemopatías graves, malformacións conxénitas, psicose e calquera outro proceso patolóxico que a xuízo do tribunal médico, limite ou incapacite para o exercicio da función de bombeira/o.

Respecto á exclusión por toxicomanía ou alcoholismo, a que se refire o apartado 2.3.5., procederase no primeiro caso, se se comproba a existencia de metabolitos de drogas de abuso, e no segundo caso, se se detecta unha cantidade de alcohol no sangue superior a 0,5 gr/dl.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

6(21).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) PARA A PROGRAMACIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS DO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2024. EXPTE. 5315/330.

Visto o informe xurídico de 28/12/2023 e o informe de fiscalización do 09/01/2024, dáse conta do informe-proposta do 22/12/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.

A Lei 7/1985 establece nos seus artigos 25.1 e 25.2.m as competencias municipais en materia de cultura entre as que se inclúen a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Pola súa banda, os decretos de delegación de competencias de datas 28 de xuño e 3 de xullo de 2023, así como o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno, delegan na concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística "a promoción e difusión da Cultura e o fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística en xeral."

A Concellería de Cultura organiza semestralmente a programación estable municipal de artes escénicas, con programación de música, teatro, danza, circo e maxia, todas as fins de semana de febreiro a abril e de outubro a novembro.

A Axencia Galega das Industrias Culturais é un organismo no que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) a define como unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego e no artigo 5 establece como unha das súas funcións promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados dentro e fóra do noso país, en concreto facilitando o acceso da cultura das artes escénicas galegas.

Para a consecución destes obxectivos creouse a Rede Galega de Teatros e Auditorios para fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios a través dun programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A vantaxe económica para a Administración Municipal está baseada en que se percibirá unha achega económica que permitirá facer unha programación máis ampla no seguinte semestre.

No convenio previsto para este semestre contémpanse un total de 27 espectáculos diferentes que suporían un total de 103.394 € euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 45.018,80 euros, impostos incluídos, e o Concello de Vigo achegará a cantidade restante 58.375,20 euros.

A programación do primeiro semestre de 2024 foi aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 22 de decembro de 2023.

Os contratos destes espectáculos tramitaranse a través de contratos privados de natureza artística por parte da Área de Cultura con cargo ao orzamento municipal vixente para 2024, concretamente ás aplicacións seguintes que teñen saldo adecuado e suficiente:

- 3331.226.09.00 "Programación Auditorio Municipal"
- 3340.226.09.01 "Programa cultural"

Trátase dunha programación estable que se realiza cada ano. Unha vez realizadas as actuacións previstas e efectuados os pagos ás compañías que se contraten que aparecen neste convenio, xustificando a Agadic e ingresado o importe aquí conveniado por parte desta Axencia, a Concellería de Cultura tramitará as correspondentes xeracións de crédito polo importe máximo resultado do convenio de colaboración 45.018,80 euros na partida orzamentaria da Área de Cultura 3331.226.09.06 "Programación Auditorio Municipal", o cal permitirá incorporar este importe á programación do segundo semestre do ano 2024 destinada a este programa cultural. A consecuencia de non asinar este convenio sería non recibir a contía económica prevista por parte de AGADIC que causaría a redución proporcional da programación para o seguinte semestre.

Enténdese, xa que logo que o obxecto deste convenio é a aprobación do texto deste que serve para cofinanciar a dita representación escénica a través da achega de AGADIC de 45.018,80 €, sendo polo tanto un expediente de ingresos e non de gasto, non sendo obxecto deste expediente a fiscalización dos contratos privados de gasto menor que se realizan para contratar as actividades, que se fiscalizan no seu momento por parte da Intervención Municipal.

Tal e como se establece no artigo 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réximen Xurídico do Sector Público, este convenio non ter por obxecto a prestación propia dun contrato. Así pois este documento non estaría suxeito á Lei de Contratos do Sector Público, xa que simplemente consiste na sinatura dun acordo de colaboración polo que AGADIC fai unha achega económica para fomentar a contratación de artistas nos concellos adheridos á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Trataríase pois dun convenio de tipo interadministrativo, asinado entre dúas Administracións Públicas.

O artigo 48 da citada lei establece que as Administracións Públicas, os seus organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público ou privado, sen que isto supoña a cesión da titularidade da competencia.

A subscrición deste convenio mellorará a eficacia da xestión pública, facilitando a utilización conxunta de medios e servizos públicos e contribuíndo á realización de actividades de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

utilidade pública cumprindo coa lexislación de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira.

A achega financeira que se compromete a realizar a AGADIC non será superior en ningún caso aos gastos derivados da execución deste convenio.

O convenio remitido pola AGADIC para a súa sinatura inclúe as materias sinaladas no artigo 49 da Lei 40/2015 sinalada anteriormente.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

“Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a “Axencia Galega das Industrias Culturais, Agadic”, polo importe total de 103.394 € euros, dos que a entidade AGADIC achegará ao Concello de Vigo 45.018,80 euros, impostos incluídos, e o Concello de Vigo asumirá a cantidade restante 58.375,20 euros, para o financiamento de espectáculos incluídos na programación da rede galega de teatros e auditorios no primeiro semestre do ano 2024, aprobada por resolución da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 22 de decembro”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ENTIDADE CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2024

Dunha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), con CIF Q6550009B no exercicio das facultades e demais funcións que lle foran conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, e en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic (DOG N° 164 de 29 de agosto de 2012).

Doutra, M^a Carmen Silva Rego, NIF 36049002K, concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e representante de CONCELLO DE VIGO (P3605700H) en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E dando fe, por parte do concello, o secretario, en virtude do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Ambas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade legal para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas e a tal fin formalizan este convenio, que se enmarcará dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio ao sector cultural dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

SEGUNDO. O artigo 3.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) define o seu obxecto establecendo: "A Agadic ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables".

TERCEIRO. O artigo 5.1 da Lei 4/2008, do 23 de maio, determina que unha das funcións da Agadic é: "Promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados", e o artigo 5.2 establece que: "A Agadic poderá, para o logro dos seus obxectivos, celebrar convenios con institucións públicas e privadas".

CUARTO. O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que: "son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculado ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común".

QUINTO. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúe competencias tanto aos concellos como ás deputacións de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais.

SEXTO. A Resolución de 21 de novembro de 2006 pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios establece na súa parte expositiva que a dita rede creouse "para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, actuando como mercado preferente para o teatro, a danza e a música e dotándoo dunha estabilidade na súa programación habitual". Está constituída pola Agadic e polas entidades titulares de teatros e auditorios que voluntariamente se adhíren para a difusión das artes escénicas e musicais a través dunha programación estable e coordinada mediante a colaboración dos axentes implicados.

SÉTIMO. A Resolución do 28 de febreiro de 2011, pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios, establece no artigo 2: "As programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios estruturaránse en dous



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

períodos de programación, que comprenderán os meses de xaneiro a xuño, o primeiro, e de xullo a decembro, o segundo".

OITAVO. CONCELLO DE VIGO, e a Agadic acordan colaborar con este convenio ao considerar necesaria a difusión das artes escénicas e musicais a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ofertando unha programación estable e coordinada na que non é posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio, nas que a Agadic e a entidade local participan en calidade de coorganizadores.

Este convenio atópase incluído na proposta de actuacións da Axencia Galega de Industrias Culturais para o ano 2024.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.-OBJECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento conxunto da programación do primeiro semestre do ano 2024 no Auditorio Municipal de Vigo integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

As intervencións obxecto deste convenio están incluídas no plan estratéxico de convenios de colaboración a subscribir pola Axencia Galega das Industrias Culturais e as entidades asociadas á Rede Galega de Teatros e Auditorios.

SEGUNDA.-OBRIGAS DA ENTIDADE

Mediante a sinatura deste convenio o CONCELLO DE VIGO, comprométese a levar a cabo as actuacións especificadas no cadro da cláusula cuarta e debendo asumir as seguintes obrigas:

- a) Levar a cabo a contratación das actividades programadas de conformidade coa lexislación contractual aplicable e vixente.
- b) Aboar ás compañías ou grupos participantes na programación o estipulado no contrato.
- c) Asumir os gastos derivados da organización puntual de cada actividade, da coordinación e xestión do ciclo de actuacións, así como dos gastos de difusión gráfica e oral, e o pagamento dos dereitos de autor á entidade xestora dos mesmos.
- d) Remitir a información sobre públicos e recadación da billeteira en formato electrónico a través da páxina da Agadic www.galescena.gal nun prazo non superior aos cinco días hábiles seguintes á celebración de cada actuación.

e) Comunicar, con antelación suficiente, á dirección da Agadic calquera modificación da programación, en particular, ao referente ás alteracións unilaterais do calendario de actuacións, dos horarios de celebración ou dos espazos nos que se desenvolve a programación.

f) Utilizar en todo o material de difusión, así como nos actos de comunicación pública, que se realice ao abeiro das actuacións contidas neste convenio a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatros e Auditorios, , facendo mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

g) Poñer á venda as entradas para cada actuación cos prezos mínimos recollidos na normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios e aplicará os descontos previstos nela. A recadación xerada pola venda de entradas da programación aquí recollida non suporá ánimo de lucro para ningunha das entidades.

h) Facilitar á Agadic, sempre previa solicitude, as invitacións para cada actividade dentro dos límites establecidos no artigo 5.3 da Resolución de 28 de febreiro de 2011.

O incumprimento total ou parcial de calquera das devanditas obrigas conlevará a perda total ou parcial da achega de Agadic percibida pola entidade pública.

TERCEIRA.-OBRIGAS DA AGADIC

A Agadic, dentro das súas competencias, comprométese a coordinar, e a asesorar tecnicamente, todas as actuacións para o correcto desenvolvemento do convenio así como das programacións aprobadas e, en concreto:

a) Realizar dúas convocatorias anuais para a realización da programación, que será de xeito semestral.

b) Xestionar e manter actualizada a páxina de xestión: www.galescena.gal, a través da que os grupos e compañías profesionais realizarán as súas propostas e as entidades programadoras realizarán a programación semestral.

c) Revisar, comprobar e aprobar as programacións realizadas, a través do departamento competente en materia de programación, segundo a normativa de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

d) Colaborar e apoiar o labor de promoción e difusión das programacións previstas nos medios de comunicación tanto impresos como dixitais.

e) Elaborar informes de público así como, calquera outro tipo de informes, avaliacións e estatísticas que estime oportunos para acadar unha maior eficiencia na xestión das programacións.

f) Facer fronte ao pagamento das cantidades estipuladas neste convenio sempre que a xustificación achegada sexa correcta.

CUARTA.-FINANCIAMENTO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

O custe total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **103,394.00** euros importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- A Agadic colaborará cunha achega de **45,018.80** euros impostos incluídos, cantidade que irá con cargo á aplicación orzamentaria 10A1 432B 640 1 correspondente aos orzamentos da Axencia Galega das Industrias Culturais para o ano 2024.

Este convenio tramitarase como anticipado no ano 2023 de gasto e quedará condicionado á aprobación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma do ano 2024, e sempre que exista crédito adecuado e suficiente para atender as obrigas derivadas do convenio.

- A entidade, colaborará coa cantidade restante de 58,375.20 euros impostos incluídos.

Estas achegas financiarán exclusivamente o custe de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes obteñan lucro ningún.

O importe económico asumido de cada unha das partes, así como a programación é a que segue:

Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
Sarao Producións & Animacións	O Bosque Vivinte	03-02-2024	Rúa do Príncipe-Vigo	1,200.00 €	1,800.00 €
BASILIO MART«	Transylvanian Suite	09-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	920.00 €	1,380.00 €
Amorodio Teatro	A NAI	10-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,067.60 €	1,601.40 €
Markeliñe	MAMUT	11-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,507.60 €	2,261.40 €
Ainé Producións	'Aquí Tou' o monólogo de Xosé A. Touriñán	16-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,420.00 €	3,630.00 €
Contraproducións S.L	APAGA CANDIL	17-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,161.60 €	1,742.40 €
Trémola Teatro	Brilla Brilla	18-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	300.00 €	300.00 €
Trémola Teatro	Brilla Brilla	18-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	450.00 €	150.00 €
Trémola Teatro	Brilla Brilla	18-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	240.00 €	0.00 € + 60 % bill.
ILUSIONISTA VOLTA	PEDRO ILUSIONANTE	23-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,196.00 €	1,794.00 €
Contraproducións S.L	Entrega en Man	24-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,790.80 €	2,686.20 €
Roi Borrallas	SOLO	25-02-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,258.40 €	1,887.60 €

Compañía	Espectáculo	Data	Lugar	Achegas AGADIC	Achegas ESPAZO
Iago Regueiro	Gracias por venir, homenaje a Lina Morgan	01-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,400.00 €	3,600.00 €
Sarabela Teatro	MADE GALIZA	02-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,258.00 €	1,887.00 €
Olivas Negras	O Rapto da Befana	03-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,584.00 €	2,376.00 €
Chévere Producciones SL	Helen Keller, a muller marabilla?	09-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,742.40 €	2,613.60 €
A MAGA FANI	IGUALDADE, onde estás?	10-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	760.00 €	1,140.00 €
Manekineko	Cancións amarelas, flores tristes	15-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,760.00 €	2,640.00 €
ARTYC CONTENT	QUE DIN AS RUMOROSAS	16-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,887.60 €	2,831.40 €
LA COJA DANSA	El cuento de Persépolis	17-03-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,795.10 €	1,197.90 €
RON LALÁ TEATRO S.L.	4 X 4	12-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	4,791.60 €	7,187.40 €
SOUVENIR	Non é unha canción	13-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	836.00 €	1,254.00 €
Anita Maravillas & Portal 71	LAS COTTON	14-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,282.40 €	1,923.60 €
De Ste Xeito Producións	NEURA	19-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,140.00 €	1,710.00 €
Pistacatro Productora de Soños S.L.	LA PUNTA DE MI NARIZ	20-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,996.00 €	2,994.00 €
Artefeito	Cirqueiras	21-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,452.00 €	2,178.00 €
CÍA. KIRENIA DANZA	EMIGRANTAS	26-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,981.70 €	849.30 €
LAD Dance Company	QUALIA	27-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	2,800.00 €	1,200.00 €
Pistacatro Productora de Soños S.L.	361º de Proyecto Tránsito	Cia. 28-04-2024	Auditorio Municipal do Concello de Vigo	1,040.00 €	1,560.00 €
Total:				45,018.80 €	58,375.20 €

QUINTA.-XUSSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase con data límite do **31 de agosto de 2024** de forma electrónica, a través da sede da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/>).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

A xustificación deberá conter a seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio que deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión e data de pagamento. Igualmente, serán válidos os documentos de gasto comprometido ou recoñecemento da obriga das actividades sempre que teñan data anterior o 31 de agosto de 2024.
- Informe do responsable da programación de que a realización da actividade se desenvolveu de acordo co establecido en convenio e no seu caso, calquera incidencia que afecte ao desenvolvemento da mesma.
- Copia do material de difusión e promoción das actividades recollidas neste convenio onde apareza reflectida a imaxe corporativa da Rede Galega de Teatro e Auditorios, así como aqueles logotipos que estivesen en vigor no momento da sinatura do convenio.

En calquera momento, a Agadic poderá solicitar, unha vez finalizado o período de programación correspondente, orixinais ou copias compulsadas da seguinte documentación:

- Facturas oficiais, con especificación do IVE e demais impostos que se inclúen, emitidas en forma legal e debidamente conformadas consonte co R.D. 1496/2003, do 28 de novembro na súa última redacción.
- Xustificación bancaria dos pagamentos, onde conste o número da factura obxecto do pagamento, a identificación do pagador e o destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que a xustificación do gasto comprometido neste convenio sexa inferior, a achega económica da Agadic minorarase de forma proporcional.

O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio por parte da Agadic realizarase previa solicitude da entidade e efectuarase en dúas fases:

- O 50% do importe comprometido pola Agadic, trala sinatura do convenio, logo de acreditar as labores de coordinación e xestión da programación mediante a presentación dunha memoria explicativa das labores realizadas de cara ao cumprimento das obrigas que asumen en virtude do convenio
- O outro 50% do importe ao remate da programación, unha vez xustificada correctamente a totalidade da programación indicada na cláusula cuarta.

SEXTA.-REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros

públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A estes efectos, os asinantes prestan consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio, e mais o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, os asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E DIFUSIÓN DA COLABORACIÓN DAS PARTES

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A entidade comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio, a imaxe corporativa da Agadic, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométese a facer mención expresa deste convenio.

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Consellería de Cultura , Educación, Formación Profesional e Universidades e da entidade asinante. Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso dos asinantes do convenio.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da entidade asinante actuará como responsable desta comisión o seu alcalde/presidente, ou persoa que designe en substitución.

NOVENA.-MODIFICACIÓNS E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

1.As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMA.-RESPONSABILIDADE DAS ACTUACIÓNS

A sinatura deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA .- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXP), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

DÉCIMO TERCEIRA - NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e así mesmo ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa aplicable e vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

DÉCIMO CUARTA.-VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de agosto de 2024.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este convenio na data que figura na marxe

7(22).- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS “VIGOCULTURA” A DESENVOLVER NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO ENTRE FEBREIRO E ABRIL DE 2024. EXPTE. 5316/330.

Visto o informe xurídico de data 08/01/2024 e o informe de fiscalización do 15/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 05/01/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu, con data 26 de decembro do 2023, que pola área de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación de prezos de venda das entradas para os espectáculos da programación municipal das artes escénicas “Vigocultura”, que se realizará no Auditorio Municipal do Concello, entre febreiro e abril do 2024, de acordo co disposto no artigo 44.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e coa ordenanza municipal do Concello de Vigo reguladora de prezos públicos nº42.

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

A Área de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A programación de artes escénicas que organiza a Área de Cultura enmárcase dentro das dúas liñas principais de programación coas que se conta no noso eido, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (GGTA), xestionada pola AGADIC e o PLATEA xestionado polo INAEM. Estes dous programas establecen datas de programación segundo os catálogos publicados conforme aos espectáculos que están xirando en cada semestre no panorama.

Así, o Agadic abriu o prazo de selección de propostas artísticas aos Concellos dentro dos seus catálogos de público familiar, público adulto (teatro e danza) e grupos musicais, do 28 de novembro ao 14 de decembro, ambos inclusive.

Con data 22 de decembro pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolviu *“Aprobar a proposta artística que se relaciona a continuación para a programación municipal de artes escénicas “Vigocultura” para os meses de febreiro a abril de 2024, seleccionada dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios do Agadic”*

No informe económico xustificativo que figura no expediente realízase a xustificación detallada dos prezos propostos que se axustan á lexislación vixente e conforme ao establecido na dita ordenanza municipal e que figura no expediente.

Os prezos públicos que se propoñen para a citada programación son prezos por debaixo do custe das actividades, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **in-cuestionable interés cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de chegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o custe da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, incrementanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

A resolución pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na Rede Galega de Teatros e Auditorios fixa, en canto aos prezos das entradas, o seguinte:

“4. As funcións incluídas nas programacións da RGTA deberán ser de libre acceso para todos os interesados, previo aboamento do importe da entrada, cos seguintes prezos mínimos (agás nas funcións realizadas noutro espazo escénico non adscrito á RGTA):

Caché do espectáculo / Prezo mínimo

750 – 2.500 €: 3 euros

2.501 – 5.000 €: 5 euros

> 5.001 €: 8 euros”

Como norma xeral, os prezos de público adulto sería de 5 € agás os espectáculos para os que por caché a RGTA establece un prezo mínimo de 8 €:

* Ainé Producións/Touriñán-16 febreiro.

* Maquinarias Teatro-1 marzo.

* Ron Lalá-12 abril.

Para público familiar tamén sería de 5 € agás Trémola Teatro (18 febreiro), ao tratarse dun espectáculo para bebés con aforo super reducido (70 persoas por cada unha das 3 funcións) e duración de 30 minutos, que sería de 3 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza estableceranse dous tipos de **abonos á carta**:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

En ningún caso se sobrepasa o 30 % que establece a ordenanza.

Por outro lado, establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto, xa que as funcións para público familiar xa teñen un prezo super-reducido.

As porcentaxes de redución do prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expe-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

diente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houberse entradas disponibles).

O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderá ao Pleno da corporación, se ben a dita facultade está delegada na Xunta de Goberno Local (artigo 3 da ordenanza n.º 42 reguladora de prezos públicos, en relación co artigo 47 do TRLFL).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

*“1.- Fixar os prezos de venda de entradas para os espectáculos da **PROGRAMACIÓN MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS QUE SE REALIZARÁ NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO ENTRE FEBREIRO E ABRIL DO 2024**, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42 e as normas de funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, segundo o seguinte detalle:*

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PRO-POSTO
9/02	Basilio Martí-Trío	Transylvanian Suite	5,00 €
10/02	Amorodio Teatro	A nai	5,00 €
11/02	Markeliñe	Mamut	5,00 €
16/02	Ainé Producións / Xosé A. Touriñán	Aqui Tou	8,00 €
17/02	Contraproducións SL	Apaga o candil	5,00 €
18/02	Trémola Teatro	Brilla Brilla	3,00 €
23/02	Ilusionista Pedro Volta	Ilusionante	5,00 €
24/02	Contraproducións SL	Entrega en man	5,00 €
25/02	Roi Borrallas	SOLO	5,00 €
1/03	Compañía Teatro Arlequín Gran Vía	Gracias por venir, homenaje a Lina Morgan	8,00 €
2/03	Sarabela Teatro	Made in Galiza	5,00 €
3/03	Olivas negras	O Rapto de Befana	5,00 €
9/03	Chévere Producións	Helen Keller, a muller marabilla?	5,00 €
10/03	A Maga Fani	Igualdade, onde estás?	5,00 €
15/03	Manekineko	Cancións amarelas, flores tristes	5,00 €
16/03	Maquinarias Teatro	Que din as rumorosas	5,00 €

17/03	La Coja Dansa	El cuento de Persépolis	5,00 €
12/04	Ron Lalá	4x4	8,00 €
13/04	Souvenir	Non é unha canción	5,00 €
14/04	Anita Maravillas	Las Cotton	5,00 €
19/04	De Ste Xeito Producións	Neura. Unha comedia neurótico-festiva De Ste Xeito	5,00 €
20/04	Kolektivo Konika	La punta de mi nariz	5,00 €
21/04	Artefeito	Cirqueiras	5,00 €
26/04	Kirenía Danza	Emigrantas	5,00 €
27/04	LAD Dance Company	Qualia	5,00 €
28/04	Pista Catro-Proyecto Tránsito	361º	5,00 €

2.- Establecer os seguintes abonos e descontos:

* ABONOS Á CARTA:

- compra de 5 espectáculos combinados como se queira no que se aplicará un 10 % de desconto sobre o prezo total de compra.
- compra de 10 espectáculos combinados como se queira, no que se aplicará un 25% de desconto sobre o prezo total de compra.

* DESCONTOS:

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos nos espectáculos para público adulto.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.

3.- As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houberse entradas disponibles)”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

9(23).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NUM. 1 DAS OBRAS DE “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL”. EXPTE. 4649/443.

Visto o informe de fiscalización do 11/01/2024, dáse conta do informe-proposta de data 29/12/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo de Administrativo e do Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

2.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020, que figura, tamén, no expediente da prórroga, no que como principal investimento figura a ampliación e modernización da ETAP do Casal, por importe de 22.700.000,00 euros.

O cadro de contías e prazos de execución dos investimentos no período de prorroga que figura no dito informe económico é o que segue:

ANO	Recuperación desviación de tarifa do ano 2020 (estimación)	INVESTIMENTO ETAP DO CASAL	OUTROS INVESTIMENTOS
2021	212.825,00 €	2.700.000,00 €	2.558.586,63 €
2022		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2023		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2024			5.000.000,00 €
2025			5.000.000,00 €
	212.825,00 €	22.700.000,00 €	17.558.586,63 €
TOTAL		40.471.411,63 €	

3.- E, en sesión de, 10.09.2021, a Xunta de Goberno Local acordou:

“Aprobar o proxecto de obras de “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación IVE non incluído de DEZAOITO MILLÓNS OITOCENTOS SESENTA E

CATRO MIL OITOCENTOS CUARENTA E TRES EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (18.864.843,50 EUROS) con sinatura dixital de data agosto de 2021 e dispoñer a súa execución pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC AQUALIA VIGO UTE, no marco do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”.

4.- Posteriormente, con data 30.09.2021, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar os custes asociados correspondes ao proxecto, así como quedar informada da tramitación do expediente.

5.- En data 11 de outubro do 2021, o segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en virtude das delegacións da Alcaldía, por Decretos de data 18 de xuño de 2019, e das delegacións da Xunta de Goberno Local, por acordos de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021, e previo informe proposta do servizo xestor, acordou resolver “Aprobar o nomeamento como titulares da Dirección Facultativa da obra de AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL, Expte 4649/443 aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, D. XACOB E PAZ SALGADO E D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ”.

6.- A acta de comprobación de replanteo foi asinada en data 14.10.2021, dando comezo as obras ao día seguinte.

7.- Con data 13.04.2023 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento e Servizos, a petición da mercantil AQUALIA FCC VIGO UTE e previo informe proposta do servizo xestor, acordou resolver á solicitude de ampliación do prazo de execución de obra e autorizar a ampliación do prazo de execución das obras “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL” ata o 30 de novembro de 2023, sendo esta en consecuencia, a nova data de finalización da obra, de acordo co informe favorable ao mesmo de data 12 de Abril do 2023, asinado polos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS, D. XACOB E PAZ SALGADO E D. JUAN MANUEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ, como directores facultativos nomeados para as obras.

8.- O concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, con data 27 de setembro de 2023 resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “**AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo.

9.- Redactado o proxecto modificado, con data 27 de decembro de 2023, a Dirección facultativa da obra emite informe técnico do proxecto modificado n.º 1 das obras, co seguinte contido:

«(...)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado n.º 1:

II.1.- Modificacións derivadas das deficiencias estruturais detectadas no edificio de control e laboratorio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

O proxecto aprobado contempla a reforma e ampliación do edificio do actual laboratorio, consistente na elevación dunha altura na fachada este e no resto proceder ó baleirado interior mediante demolición, mantendo a estrutura orixinal, para posteriormente proceder e a realización dunha nova distribución interior adaptada ás necesidades da nova planta de tratamento de auga potable.

Unha vez iniciados os traballos de escavacións e cimentacións na contorna observouse a aparición de fendas en tabiques e contorno de piares e vigas. Á vista da aparición destas patoloxías no edificio, considerouse necesario proceder a realizar unha avaliación pormenorizada da capacidade resistente da súa estrutura. Realizáronse ensaios complementarios de tipo destrutivo para obtención de probetas co obxectivo de corroborar a capacidade resistente da estrutura. Os resultados reflectiron:

- Indicios de procesos de carbonatación no formigón, favorecendo a perda de resistencia do material. Comezo de procesos de corrosión das armaduras como consecuencia da actuación dos procesos de carbonatación do formigón.*
- Os ensaios de resistencia a compresión simple realizados sobre as probetas obtidas na estrutura existente, corroboran a perda de resistencia do formigón.*
- Existencia de ións cloruro en mostras tomadas.*

Á vista destes resultados, que imposibilitan a reforma e ampliación desta edificación segundo o previsto no proxecto, ao non estar garantida a seguridade estrutural da edificación e dos seus usuarios, considérase necesario proceder á demolición da estrutura actual, e en consecuencia executar unha edificación de nova planta que albergue o devandito laboratorio, conforme á normativa vixente de aplicación nestes momentos aos edificios de nova construción como pode ser o código técnico de edificación e accesibilidade vixente, fronte a normativa de rehabilitación que indica o proxecto primitivo.

Dado que resulta necesario manter o subministro de auga á poboación (e consecuentemente os controis de calidade da auga segundo o previsto no Real Decreto 3/2023, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade do agua de consumo, o seu control e subministro, que entrou en vigor o 12 de xaneiro de 2023) durante a fase de demolición e execución do nova edificación, deberase asemade prever o traslado provisional do laboratorio durante estes traballos, que non poderá solventarse cunha mudanza entre dependencias do edificio actual, senón que require dunha nova localización provisional para desenvolver os ditos traballos.

Para cubrir as necesidades deste traslado é preciso o alugueiro de módulos provisionais adecuados no seu interior para a instalación do equipamento do laboratorio trasladado dende o antigo edificio, así como as infraestruturas necesarias para garantir a súa funcionalidade.

Vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulos e sub capítulos do orzamento:

- Capítulo 01. DEMOLICIÓN*
 - 01.01. Demolicións*
- Capítulo 04. CONSTRUCCIÓN E ESTRUTURA*

- 04.01 Edificio de laboratorio
- Capitulo 05. INSTALACIONES
 - 05.01 Edificio de laboratorio
- Capitulo 10. SEGURIDADE E SAÚDE.

II.2.- Modificacións derivadas da posta en funcionamento gradual da ETAP.

Os traballos de execución da nova planta, ao ter que realizarse na mesma parcela que a actual, e sen afectar ao subministro á poboación, requiren dunha posta en funcionamento gradual dos distintos procesos, eliminando tamén de forma gradual os equipamentos da planta existente.

A posta en funcionamento da nova planta suporá levar a cabo na liña de auga, e por esta orde, a posta en funcionamento dos edificios de reactivos, cámara de oxidación, cámara floculación e re mineralización, cámara de micro filtración, cámara de ultrafiltración e finalmente posta en funcionamento dos procesos de desinfección, xunto coa conexión ao depósito.

Todas estas fases requiren control sobre o funcionamento do equipamento, avaliación de parámetros organolépticos, micro biolóxicos e físico químicos da auga e posterior análise que corroboren o correcto funcionamento de cada fase, ata dar de baixa os equipamentos en funcionamento da antiga ETAP.

Dado o nivel de esixencia da normativa vixente en calidade da auga de consumo (segundo o establecido no Real Decreto 3/2023, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade do auga de consumo, su control e subministro, que entrou en vigor o 12 de xaneiro de 2023) considérase necesario manter a redundancia de equipos, de tal xeito que, en caso de que se comprobase que o funcionamento das novas instalacións non se axustase ao previsto no RD 3/2023, se poida reverter o tratamento da auga aos equipos da planta actual, e todo isto sen afectar ao subministro á poboación (considerado un servizo esencial) en canto a volume tratado e condicións de salubridade. Así, por exemplo, para garantir esta redundancia, non resulta posible a eliminación dos filtros existentes ata a comprobación da correcta posta en funcionamento do sistema de micro filtración previsto no proxecto.

Esto implica a necesidade de levar a cabo diferentes actuacións co obxectivo de seguir mantendo o caudal de subministro e calidade da auga e o mantemento os diferentes sistemas de tratamento tanto da planta antiga como da nova.

Para manter os distintos procesos en funcionamento debido a posta gradual dos equipamentos anteriormente reflectidos é preciso a realización por un lado de distintas acometidas provisionais eléctricas dende os subministro de electricidade da antiga planta para garantir o lavado dos filtros de arena que seguirán en funcionamento e o sistema desinfección previo fronte a situacións inesperadas. Por outro tamén é preciso garantir o sistema de lavado de lodos como consecuencia da aplicación dos distintos tratamentos ata a execución do edificio de fangos.

Estas actuacións requiren incorporar as seguintes modificacións:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

1. *Execución de acometidas provisionais eléctricas.*
É preciso manter os distintos equipamentos en funcionamento debido a posta gradual dos sistemas anteriormente reflectidos, polo tanto resulta necesario a realización de distintas acometidas provisionais eléctricas dende os subministro da enerxía da antiga planta.
2. *Execución de canalizacións provisionais retirada de lodos do proceso de ultrafiltración.*
Ao diferirse a execución do novo edificio de tratamento de lodos respecto a posta en marcha gradual da liña de auga reflectida, resulta necesaria a execución dunha condución provisional para a evacuación das augas de lavado dos procesos e a súa conexión coa rede de saneamento-

Vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulos e subcapítulos do orzamento:

- *Capítulo 05. INSTALACIÓNS.*
 - *05.02. Edificio de floculación, re mineralización e ultrafiltración*

II.3.- Modificacións derivadas da necesidade de adaptación do sistema Control de caudais en planta.

A Lei 1/2022, de mellora da xestión do ciclo integral do agua, que entrou en vigor o 1 de setembro de 2022 establece no seu artigo 48 a obriga aos titulares das redes de abastecemento de dispoñer contadores homologados de medición de consumo de auga nos puntos de consumo, incluídos os propios da entidade subministradora de auga, indicando que no suposto de que existisen puntos de subministro sen contador instalado, eses volumes se computarán como perdas aos efectos de determinar a base impositiva do canon da auga.

Á vista do anterior, e ao obxecto de ter un adecuado coñecemento do rendemento hidráulico do sistema e de cada unha das instalacións relacionadas co abastecemento, considérase necesario aumentar os puntos de control de caudal en planta e sistemas de información, aos efectos de determinar correctamente o rendemento da instalación en cada unha das súas etapas, mellora do control dos distintos procesos e as perdas nos diferentes procesos de tratamento, que permitan asemade coa información recollida optimizar a instalación, polo que se deberá proceder a:

1. *Adecuación dos scadas de control da información, sondas de control e PLCs e cableado co obxectivo de incorporar os novos rexistradores e control dos datos, que permitan obter a información precisa así axustar os tratamentos en función da calidade da auga chegada e control dos distintos caudais subministrados, tratados e demandados. Esta información deberá estar dispoñible na planta e nas oficinas municipais.*
2. *Incrementar a implantación de medidores do caudal en distintos puntos dos distintos procesos do tratamento.*

Vese alterado por estas modificacións os seguintes capítulos e sub capítulos do orzamento:

- *Capítulo 05. INSTALACIÓNS*

- 05.02. Edificio de floculación, remineralización e ultrafiltración.
- 05.04. Edificio de Reactivos.
- 05.05. Edificio de tratamento de Fangos.
- 05.06. Edificio eléctrico.
- **Capítulo 07. TRATAMIENTO**
 - 07.02. Ultrafiltración, sub capítulo
 - 07.03 Post-tratamento
 - 07.04 Tratamento de fangos

III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

As modificacións recollidas no presente proxecto modificado xorden a causa de circunstancias descritas no art. 205 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder ás deficiencias estruturais detectadas no edificio de control e laboratorio, para garantir a posta en funcionamento gradual da ETAP e para adaptar o sistema de control de caudais en planta á normativa vixente.

Asemade as devanditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

A variación cualitativa e cuantitativa en relación ao prezo do proxecto inicial encomendado, non supera os orzamentos de inversión previstos para a ETAP o CASAL, no marco do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.”

E do cal se extrae o seguinte resumen cuantitativo:

(...)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

ORZAMENTO EXECUCION POR CONTRATA

Fundamentos técnicos e xurídicos

NUM Y DESCRIPCION DE CAPITULOS	PROYECTO	MODIFICADO	% VAR	DIFERENCIAS
I.- Aunha que a execución do proxecto de obras de Ampliación e modernización da ETAP do Casal e da modificación deste se propón, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversión aprobado para a segunda prórroga do contrato, antes referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación pública nin a execución do proxecto pola concesionaria de servizo nin a súa eventual modificación, tanto unha como outra requiren igualmente, conforme ao que establece establecido no artigo 231 LCSP para a adxudicación do contrato de obras, da previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que defina con precisión o obxecto do contrato e, no seu caso, da súa eventual modificación.	613.458,17 €	838.515,94 €	36,69%	225.057,77 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 1. DEMOLICIONES	1.794.929,44 €	1.794.929,44 €	0,00%	0,00 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 2.CONSTRUCCIONES AUXILIARES	211.519,32 €	211.519,32 €	0,00%	0,00 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 3.MOVIMIENTO DE TIERRAS	3.127.346,49 €	2.893.904,58 €	-34,16%	-233.441,91 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 4. CONSTRUCCIONES MESTRUCTURA	579.596,89 €	1.099.925,25 €	88,18%	520.328,36 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 5. OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN	1.000,00 €	1.000,00 €	0,00%	0,00 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 6. OBRAS DE RECONSTRUCCIÓN	98.537,52 €	98.537,52 €	0,00%	0,00 €
RESUMEN DE PRESUPUESTOS CAPITULO 10. SEGURIDAD Y SALUD	273.465,59 €	296.536,59 €	8,44%	23.071,00 €
TOTAL PRESUPUESTO DE EJECUCION MATERIAL	15.852.809,66 €	17.279.261,96 €	9,00%	1.426.452,30 €
Costos Anuais (13%)	2.069.865,26 €	2.246.304,06 €	9,45%	176.438,80 €
Beneficio Anual (6%)	954.165,59 €	1.039.755,72 €	10,96%	85.590,14 €
Ive	3.961.617,14 €	4.318.087,56 €	10,90%	356.470,42 €
ORZAMENTO EXECUCION CONTRATA	22.820.480,04 €	24.880.409,30 €	10,86%	2.059.929,26 €

O apartado III do dito procedemento establece que «A Área de Fomento propondrá á Xunta de Goberno Local encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento; e que, unha vez redactado éste, a dirección técnica, previa conformidade do Concelleiro-delegado da Área, someterá a consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto técnico e ordenará á Entidade Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimento e a realización dos trámites correspondentes a súa contratación.

O «Procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de AQUALIA» non regula expresamente a tramitación da modificación dos proxectos aprobados, porén poden aplicarse por analogía, no que proceda, dadas as características do réxime xurídico desta concesión, amais dos criterios do dito procedemento, os da LCSP, no que puideran resultar de aplicación.

II.- Tal e como vai dito, no presente caso non estamos ante unha modificación dun contrato público do concello de Vigo, senón ante unha modificación do proxecto de obras de inversión, a cuxa execución resulta obrigada a concesionaria do servizo municipal de augas de Vigo Aqualia FCC Vigo UTE en virtude do seu contrato de concesión de servizo público.

As modificacións do proxecto de que tratamos están perfectamente xustificadas, pois, tal e como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado VI ORZAMENTO:

“(…)
A totalidade das variacións recollidas no presente modificado Nº1 limitáanse a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder ás deficiencias

estruturais detectadas no edificio de control e laboratorio, para garantir a posta en funcionamento gradual da ETAP e para adaptar o sistema de control de caudais en planta á normativa vixente, afectando os seguintes capítulos:

- CAPITULO Nº1. DEMOLICIÓN
- CAPITULO Nº4. CONSTRUCCIÓN E ESTRUCTURA.
- CAPITULO Nº5. INSTALACIÓN.
- CAPITULO Nº7. TRATAMENTO.
- CAPITULO Nº10. SEGURIDADE E SAÚDE

Ditas modificacións obrigan en algúns casos a introducir novas unidades de obra, afectando os seguintes capítulos:

- CAPITULO Nº1. DEMOLICIÓN
- CAPITULO Nº4. CONSTRUCCIÓN E ESTRUCTURA.
- CAPITULO Nº5. INSTALACIÓN.
- CAPITULO Nº7. TRATAMENTO.

En relación ao importe das novas unidades de obra non incluídas no cadro de prezos do proxecto base que é necesario introducir, representa o 6,49 % do orzamento inicial do contrato, non representando máis do 50% do do orzamento inicial nin ampliando o ámbito do contrato, xa que con ditas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (9,00%) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado:

	Importe E.M.	Líquido	% respecto do P.E.M orixinal
IMPORTE DE UNIDADES DE OBRA NOVA INTRODUCIDAS (Art. 205.2C 2º, LCSP)	1.028.540,02 €	1.480.994,77 €	6,49 %
VALOR DA ALTERACIÓN NA CUANTÍA DO CONTRATO POLAS MODIFICACIÓN NON PREVISTAS (Art. 205,2C 3º(i) LCSP)	1.426.452,30 €	2.053.948,66 €	9,00 %

Todas estas modificacións propostas supoñen a introdución de novas unidades de obra que representan un 6,49% do orzamento inicial do contrato. Así mesmo, as modificacións que de acordo coa LCSP poderían calificarse de non previstas ascenden a un total de 2.053.948,66 euros, supoñendo o 9,00% do prezo do contrato, tal e como se extrae das táboas que figuran no informe dos directores facultativos da obra, polo que non se cumpre ningunha das tres condicións que de acordo coa LCSP puideran permitir cualificar as modificacións — que supoñen un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato— de substanciais.

III.- O interese público das modificacións propostas - A dirección facultativa argumenta no seu informe técnico, no apartado VIII CONCLUSIÓN, as razóns de interese público das modificacións propostas ao sinalar o seguinte:

“(…)

As citadas modificacións, propostas no presente Proxecto Modificado N.º1 das obras de “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, e son de interese público xa que permiten levar a bo termo en condicións axeitadas a execución da obra, sustentado no



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

cumprimento das normativas en vigor -en especial no cumprimento da calidade das augas, o uso sostible das mesmas, a súa protección,- así como na obrigatoriedade da garantía do servizo en condicións de seguridade e hixiene dentro das competencias municipais.

Ten que sinalarse que o conxunto de modificacións propostas, non só son necesarias para a correcta finalización da obra en execución se non tamén para garantir as condicións de seguridade e salubridade que implica o cumprimento da normativa en vigor dunha instalación tan importante destinada o abastecemento da poboación do Concello de Vigo e o seu entorno, en todas e cada unha das fases de posta en marcha gradual das súas instalacións co obxectivo da realización deste servizo obrigatorio e esencial para a poboación. "

IV- O procedemento seguido para a modificación do proxecto observa o procedemento que para a modificacións dos contratos se regula no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242.2 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

1. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a.- Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b.- Audiencia á concesionaria e á contratista da obra, como interesada no procedemento, e ao redactor do proxecto, por prazo mínimo de 3 días.
 - c.- Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos

V.- Competencia.- A competencia para a aprobación do proxecto modificado mesmo corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

VI.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa de data 27.12.2023, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias da LCSP .

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 27.09.2023, en virtude do Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 22 de xuño de 2023, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia ao redactor do proxecto, consta audiencia sen que se formulara, en data 27.12.2023, consideracións ao mesmo. (ttes. 327, 332 e 333 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia a Aqualia FCC Vigo UTE sobre o proxecto modificado, as modificacións propostas e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 27.12.2023.(ttes. 326, 330 e 331 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica Municipal de data 27.12.2023. (tte. 334 do expediente dixital)

7º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta o previsto no artigo 205 da LCSP.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto modificado nº1 de das obras de “**AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL**”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos, D. Juan Manuel Sánchez González e D. Xacobe Paz Salgado, cun orzamento total que ascende a **24.880.409,30 €** (IVE incluído), o que supón un gasto adicional líquido por importe de **2.053.948,66 €** (IVE incluído) (9,00%), e dispoñer a súa execución pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC AQUALIA VIGO UTE, no marco do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

SEGUNDO.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 12 MESES.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA FCC VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Recurso de reposición interposto en expediente de concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos con fines de interese turístico no ano 2023 e súa convocatoria. Expte. 8571/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(24).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2023 E SÚA CONVOCATORIA. Expte. 8571/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 17/01/2023 e o informe-proposta de data 18/01/2024, asinado pola técnica en actividades Turísticas, a concelleira-delegada de Turismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACION APLICABLE

- Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento.

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

ANTECEDENTES

En data 22.12.2023 a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA OCRA GALICIA interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.11.2023 pola que se acorda “ *Excluir do proceso de adxudicación da subvención, á “Asociación Sociocultural Ocra Galicia” con Cif G27868934, xa que segundo consta no expediente 22593-333 do Servizo de Deportes, para autorización do desenvolvemento do evento deportivo “ Desafío Boot Camp” a organizadora do evento é “Pepita Tery S.L.”*”

No expediente constan os seguintes ANTECEDENTES.-

Primeiro.- En data 5.05.2023 a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo de aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións para a organización de eventos deportivos con fines de interese turístico no ano 2023 e súa convocatoria. No mesmo acto autorizou o gasto por importe de 90.000,00€ (noventa mil euros) con cargo á partida orzamentaria 4320.4800001 “Subvencións eventos e actividades. Patrocinios”

Segundo.- En data 15.05.2023 publicouse anuncio no BOP PO núm. 92.

Terceiro.- En data 21.07.2023 e posterior de data 17.10 e 20.10.2023 reuniuse a Comisión de Valoración.

Cuarto.- En data 3.11.2023 a Xunta de Goberno Local adoptou acordo polo que se amplia o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

Quinto.- En data 17.11.2023 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo

“1.- Destinar importe de 57.000,00€ con cargo á partida presupostaria 4320.4800001 “subvencións, eventos e actividade, patrocinios” da Concellería de Turismo, a colaborar no financiamento de eventos deportivos con fines de interese turístico.

2.- Conceder a subvención ás entidades solicitantes, que se relacionan a continuación, polo importe que no seu caso se indica, xa que cumpren os requisitos para acceder ás mesmas tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

ENTIDADE/EVENTO	IMPORTE
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS // VIGO WOMEN TENIS TOUR	10.000,00€
ASOCIACIÓN AGUAS ABIERTAS DE GALICIA / X TRIATLÓN DESAFÍO ILLAS CÍES (CAMPEONATO GALLEGO MEDIA DISTANCIA)	15.000,00€
CIRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO /CAMPEONATOGALLEGO ABSOLUTO DE TENIS Y 4a PRUEBA DEL CIRCUITO GALICIA HEAD TOUR	15.000,00€
ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO / FINAIS CAMPIONATO IBÉRICO	2.000,00€
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO // 60ª EDICIÓN REGATA RÍAS BAIXAS	15.000,00€

3.- *Desestimar as solicitudes de subvención presentadas polas entidades CLUB MINAUTA e VIGORIENTA dado que a valoración final do proxecto de promoción turística presentada non acada a puntuación mínima de 25 puntos segundo a base 7.3 das bases reguladoras*

4.- *Excluír do proceso de adxudicación da subvención, á “Asociación Sociocultural Odra Galicia” con Cif G27868934, xa que segundo consta no expediente 22593-333 do Servizo de Deportes, para autorización do desenvolvemento do evento deportivo “Desafío Boot Camp” a organizadora do evento é “Pepita Tery S.L.”*

Sexto.- Consta no expediente 8482-104, trámite 31, comunicación a entidade ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA OCRA GALICIA.

SEGUNDO.- Do recurso de reposición.-

O artigo 119 da LPAC determina

“ 1. A resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimarás as pretensións formuladas nel ou declarará a súa inadmisión.

2. Cando, existindo vicio de forma, non se ache procedente resolver sobre o fondo, ordenarase a retroacción do procedemento ao momento en que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente o órgano competente poida acordar a validación de actuacións, de acordo co disposto no artigo 52.

3. O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, suscite o procedemento, teñan sido ou non alegadas polos interesados. Neste último caso serán oídos previamente. Non obstante, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso se poida agravar a súa situación inicial.”

A entidade ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA OCRA GALICIA fundamenta o seu recurso no seguinte;

a) Vulneración do contido mínimo, esencial e básico esixido que xenera indefensión en tanto que considera que o oficio/certificado/resolución do técnico municipal no se axusta ao establecido no artigo 40.2 da LPAC.

b) Vulneración do procedemento establecido para a concesión da axuda solicitada. Omisión do trámite de audiencia previo ao ditado da resolución obxecto de impugnación segundo o establecido no artigo 21.4 da Leo 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Falta de motivación da resolución impugnada conforme o establecido no artigo 35.1 da LPAC por remisión do artigo 88.3 de dito texto legal.

d) Cumprimento das condicións e requisitos establecidos para o outorgamento da axuda solicitada: principios de seguridade xurídica, confianza lexítima e boa fe, así como a doutrina dos actos propios.

e) Cumprimento do obxecto e fin da subvención (evento deportivo e promoción turística de Vigo) por parte da Asociación e do conseguinte enriquecemento sen causa en favor do Concello de Vigo.

Á vista do informe xurídico de data 17 de xaneiro de 2024,

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Acorde a estimación parcial do recurso de reposición interposto, pola entidade ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL Y DEPORTIVA OCRA GALICIA e ordenar a retroaccións de actuacións ao momento da notificación da resolución administrativa recurrida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(25).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1608/1102

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez